



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 2 de decembro de 2019

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o 2 de decembro de 2019.

ASUNTOS

[*Declaración institucional](#)

Información e actas

- [1. Proposición da Presidencia sobre ratificación do carácter ordinario da sesión do Pleno do día 2 de decembro de 2019](#)
- [2. Aprobación das actas das sesións plenarias seguintes: extraordinaria número 11/2019, do 21 de outubro e ordinaria número 12/2019, do 25 de outubro](#)
- [3. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 19 de outubro de 2019 ata o 22 de novembro de 2019](#)
- [4. Dación de conta da comunicación dos Grupos políticos coa adscrición dos/as deputados/as ás Comisións Informativas e das modificacións efectuadas.](#)
- [5. Aprobación da ratificación da Resolución da Presidencia pola que se modifica o nomeamento dun representante da Deputación no organismo Consorcio Provincial da Coruña para a prestación do servizo contra incendios e salvamento](#)
- [6. Proposición da Presidencia sobre cambio de data do Pleno ordinario correspondente ao duodécimo mes do ano 2019.](#)

Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

- [7. Aprobación da modificación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidad Internacional Menéndez Pelayo correspondente á subvención nominativa concedida para financiar os cursos na sede da Coruña no ano 2018](#)
- [8. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Actores e Actrices de Galicia polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento dos Premios María Casares 2019](#)
- [9. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a asociación Amigos da Ópera da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a Programación lírica da Coruña 2019](#)
- [10. Aprobación do convenio de cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da Programación cultural e divulgación do coñecemento científico do ano 2018](#)

Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios

[11. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común \(ORGACCMM\) para financiar o proxecto "VI Congreso Galego de Comunidades de Montes"](#)

[12. Aprobación da modificación das cláusulas V, VI, VII e XIII do convenio entre a Deputación e o Concello de Aranga \(en nome da comunidade de Lambre- Mandeo\) para financiar suministro dun camion 4x4](#)

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

[13. Aprobación do Plan de Vías Provinciais 2019, quinta fase](#)

[14. Aprobación inicial do Plan de Travesías 2019, segunda fase](#)

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

[15. Aprobación da ratificación da Resolución da Presidencia núm. 35664 de 15 de outubro de 2019 pola que se aproba a nova composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña](#)

[16. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e o concello de Negreira polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras do proxecto reasfaltado e canalización de pluviais na zona da rúa Teresa Fabeiro Caamaño.](#)

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

[17. Aprobación da modificación do prego de prescricións técnicas da subministración denominada "Adquisición camión de saneamento", do Concello de Sada, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(Plan único de concellos\) POS+ 2017 co código 2017.3290.0374.0](#)

[18. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Remodelación do parque infantil urbanización das Brañas" do Concello de Sada, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(Plan único de concellos\) POS+ADICIONAL 1/ 2019 co código 19.2001.0564.0](#)

[19. Aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Narón polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da "Rehabilitación do Muíño da Xuvia"](#)

[20. Aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de Mugardos polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o](#)

cofinanciamento da "Pista de Pumptrack en O Baño T.M. Mugardos"

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

21. Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de outubro de 2019 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraintendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de outubro de 2019.

22. Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a setembro de 2019 e proxección a 31/12/2019.

23. Aprobación da toma de coñecemento do informe da Consellería de Facenda de seguimento do Plan Económico-Financeiro 2018-2019 en cumprimento do disposto no art. 24 da lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, correspondente ao 1º semestre de 2019.

24. Aprobación da toma de coñecemento da información rendida ao Ministerio de Hacienda en cumprimento do disposto na lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para o seguimento do plan económico-financeiro 2018-2019, correspondente ao terceiro trimestre de 2019.

25. Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consorcio Provincial contraintendios e salvamento da Coruña e Fundación Axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao terceiro trimestre de 2019, así como da súa remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

26. Aprobación da toma de coñecemento da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes (Consorcio Provincial contraintendios e salvamento da Coruña e Fundación Enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao terceiro trimestre de 2019, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Ley Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira

27. Aprobación inicial da modificación das bases de prestación de servizos de control financeiro aos concellos da Provincia.

28. Dación de conta das Resolucións de Presidencia números 31570 do 18/09/2019, 31571 do 18/09/2019 e 32318 do 26/09/2019

Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible

29. Aprobación da posta en marcha do proxecto GEFRECON

30. Aprobación da posta en marcha do proxecto PEL RURINNOVA

31. Aprobación da posta en marcha do proxecto PEL RELEVO

32. Aprobación da formalización dun convenio administrativo co Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA), para cofinanciar o "PROGRAMA DE EDUCACIÓN, SENSIBILIZACIÓN, DIVULGACIÓN E PARTICIPACIÓN AMBIENTAL: A RIQUEZA DO NOSO PATRIMONIO NATURAL"

33. Aprobación da formalización dun convenio administrativo co CONCELLO DA CORUÑA, para cofinanciar o PROGRAMA DE BECAS EUROPA FP-PROXECTO "ACOREUROPA VII", NO MARCO DO PROGRAMA DE APRENDIZAXE PERMANENTE "ERASMUS+ 2017"

ACTUACIÓN DE CONTROL:

MOCIÓNS

Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en defensa do ensino público de calidade e da atención á diversidade

Moción do Grupo Provincial Popular con motivo do Día Internacional para a eliminación da violencia contra a muller

Moción do Grupo Provincial Popular en defensa das liberdades educativas consagradas na Constitución

ROGOS E PREGUNTAS

Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 2 de decembro de 2019.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 2 de decembro de 2019, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Deputados/as

Asistentes:

Dona Martina Aneiros Barros	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Manuel María Durán Guillán	PP
Don Antonio Fernández Angueira	PP
Don Jose Luis Fernández Mouriño	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Rosa Mª Gallego Neira	PP
Dona Dalia García Couso	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Don José Pablo González Cacheiro	PP
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María Beatriz Molinos Vidal	PP
Don José Muiño Domínguez	PP
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP

Excusada:

Dona Sandra González Castro	PSOE
-----------------------------	------

Actúa como secretario: Don José Luis Almu Supervía, secretario xeral da Corporación

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:10 horas, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. Presidente

Comezamos esta sesión ordinaria de Pleno coa lectura dunha declaración institucional sobre o 25 de novembro.

Sr. Secretario

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL 25 DE NOVIEMBRE DE 2019

Cada 25 de novembro os titulares, os minutos de silencio e as declaracións institucionais lembran a vixencia da violencia machista e do sistema patriarcal. A violencia machista exercida contra as mulleres é un problema de primeira orde. Calquera forma de malos tratos e de violencia exercida contra as mulleres é unha violación inaceptable dos dereitos humanos nunha sociedade comprometida coa igualdade e a dignidade.

Como lembra a ONU na súa campaña para este ano, en todo o mundo, unha de cada tres mulleres sufriu violencia física ou sexual, principalmente por parte do seu compañeiro sentimental. Só un 52% das mulleres casadas ou que viven en parella decide libremente sobre as súas relacións sexuais, o uso de anticonceptivos e a súa saúde sexual. Case 750 millóns de mulleres e nenas hoxe casaron antes de cumprir os 18 anos e polo menos 200 millóns sufriron mutilación xenital feminina. Unha de cada dúas mulleres asasinadas en 2017 foron polo seu compañeiro sentimental ou un membro da súa familia (no caso dos homes a proporción foi dun de cada 20). O 71% das vítimas de trata en todo o mundo son mulleres e nenas e 3 de cada 4 son utilizadas con fins de explotación sexual

A violencia de xénero existe e quen o nega ou pretende diluíla noutros tipos de fan un fraco favor ás vítimas. Se ben é certo que temos dado pasos cara adiante como sociedade na visibilización da violencia machista, fixa moito por facer e non podemos permitirmos pasos atrás. É chave aumentar os recursos dispoñíbeis e é chave tamén visibilizar todo tipo de violencias machistas.

É preciso recoñecer a importancia e gravidade das violacións e agresións sexuais na nosa sociedade e a insuficiencia nos recursos de intervención e atención. Segundo os datos do propio Consello Xeral Xudicial hai un 80% de feitos delitivos que non se denuncian. Malia isto, as denuncias teñen experimentado un incremento das agresións e as persoas expertas e da cadea xudicial e de atención alertan ademais dun incremento na súa brutalidade.

Nos últimos anos houbo notábeis avances na lexislación da que nos dotamos, desde a Lei 1/2004, do 28 de decembro até a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo que xa recoñece a violencia sexual como unha forma de violencia machista, o Pacto de Estado contra a violencia de xénero que supuxo un avance na unión de partidos, sindicatos, administracións, organizacións feministas etc. na formulación de medidas para a erradicación da violencia de xénero. Mais a realidade indícanos que hai que seguir avanzando en desenvolver tanto a lexislación vixente como no Pacto de estado e por suposto no cumprimento do Convenio de Istambul así como no incremento de recursos persoais e económicos destinados a loitar contra a violencia de xénero.

Por todo isto, a corporación da Deputación da Coruña

ACORDAMOS:

1. Reafirmar o noso compromiso coa igualdade real entre homes e mulleres e tamén a nosa loita para a eliminación de toda violencia que se exerza contra as mulleres polo simple feito de ser mulleres.
2. Demandar das administracións con competencias un incremento dos recursos económicos e persoais destinados a loitar especificamente contra a violencia de xénero .
3. Solicitar unha mellora da atención e prevención de todas as formas de violencia machista garantindo a gratuidade da atención xurídica ás vítimas de violencia sexual, desenvolvendo programas específicos de formación e campañas de prevención e sensibilización na mocidade.
4. Demandamos a introdución no marco legal do concepto de consentimento para mellorar na tipificación e tratamento da violación e das agresións sexuais e da modificación da definición estatal da violencia de xénero de acordo co Convenio de Istambul .
5. Comprometémonos desde a Deputación da Coruña a seguir incrementando os programas e recursos que poñemos a disposición de concellos e entidades ao longo do ano no marco do Plan de Igualdade que acabamos de aprobar e reafirmamos o noso compromiso en colaborar e coordinarnos co resto de administracións implicadas para deste xeito mellorar a resposta que ofrecemos.

1.- Proposición da Presidencia sobre ratificación do carácter ordinario da sesión do Pleno do día 2 de decembro de 2019

O Pleno, por unanimidade aproba a ratificación da inclusión na orde do día e seguidamente apróbase, tamén por unanimidade, a seguinte proposición da Presidencia:

"Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme a redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións Provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación Provincial.

Considerando que a obrigatoriedade da celebración das sesións ordinarias reflicte o principio, consubstancial ao pluralismo democrático, da participación dos grupos minoritarios no funcionamento das institucións representativas segundo ten declarado a xurisprudencia- e que ese aspecto substancial debe primar sobre a cualificación formal do artigo 46.1 LBRL que caracteriza como sesións ordinarias as de periodicidade preestablecida, sen prexuízo de que este último aspecto deba ponderarse razoablemente en cada caso concreto.

Tendo en conta que a sesión ordinaria do Pleno de novembro correspondía celebrala o día 29 deste mes, coincidindo coa Asemblea Xeral da FEGAMP a que deben asistir o presidente e varios deputados.

Polo tanto, de acordo cos voceiros dos grupos provinciais en Xunta de Portavoces e como excepción singular do réxime ordinario establecido o 23 de xullo de 2019.

PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

Ratificar o carácter ordinario da sesión do Pleno da Deputación Provincial que se celebre o día 2 de decembro de 2019, luns, a partir das doce horas, convocada pola Presidencia como sesión ordinaria correspondente ao undécimo mes de 2019."

2.- Aprobación das actas das sesións plenarias seguintes: extraordinaria número 11/2019, do 21 de outubro e ordinaria número 12/2019, do 25 de outubro

Apróbanse por unanimidade as actas das sesións plenarias seguintes: extraordinaria número 11/2019, do 21 de outubro e ordinaria número 12/2019, do 25 de outubro.

3.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 19 de outubro de 2019 ata o 22 de novembro de 2019

Dáse conta ao Pleno das resolucións da Presidencia desde o 19 de outubro de 2019 ata o 22 de novembro de 2019.

4.- Dación de conta da comunicación dos Grupos políticos coa adscrición dos/as deputados/as ás Comisións Informativas e das modificacións efectuadas.

A Corporación toma coñecemento da comunicación dos grupos políticos coa adscrición concreta a cada Comisión Informativa dos membros da Corporación en representación de cada grupo, así como das modificacións efectuadas, todo isto en cumprimento do establecido no artigo 96 do Regulamento orgánico desta Deputación provincial.

Con data do 25 de novembro de 2019, a composición das comisións informativas é a seguinte:

COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO	PP	PSdeG-PSOE	BNG	MAREA ATLÁNTICA	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística 17:00 h luns Semana anterior ao Pleno	Presidente: Xosé Xurxo Couto Rodríguez Secretaria: Mercedes Fernández-Albalat	Martina Aneiros Barros José Carlos Calvelo Martínez Antonio Fernández Angueira M ^a Beatriz Molinos Vidal Manuel Taboada Vigo	M ^a Milagros Castro Sánchez Ana Lamas Villar Bernardo Fernández Piñeiro José Manuel Pequeño Castro	Xosé Xurxo Couto Rodríguez	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane
Deporte e Mocidade 17:30 h luns Semana anterior ao Pleno	Presidenta: Cristina Capelán Cancelo Secretaria: Manuela Muñiz Souto	Evaristo Ben Otero Germán Castrillón Permuy Manuel M ^a Durán Guillán José Pablo González Cacheiro Roberto Rodríguez Martínez	Cristina Capelán Cancelo Sandra González Castro Antonio Leira Piñeiro José Ramón Rioboo Castro	M ^a del Carmen Muiño Filgueira	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane

COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO	PP	PSdeG-PSOE	BNG	MAREA ATLÁNTICA	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
Benestar Social e Educación 17:00 h martes Semana anterior ao Pleno	Presidenta: Ana Lamas Villar Secretaria: Carolina Buhigas Jack	Martina Aneiros Barros Manuel M ^a Durán Guillán Dalia García Couso M ^a Beatriz Molinos Vidal Roberto Rodríguez Martínez	Sandra González Castro Ana Lamas Villar José Manuel Pequeño Castro José Ramón Rioboo Castro	M ^a del Carmen Muiño Filgueira	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane
Promoción Económica e Asistencia a Municipios 17:30 h martes Semana anterior ao Pleno	Presidente: José Blas García Piñeiro Secretario: Rafael Díaz-Aguado Jalón	José Carlos Calvelo Martínez Antonio Fernández Angueira José Pablo González Cacheiro José Muiño Domínguez Manuel Taboada Vigo	Cristina Capelán Cancelo M ^a Milagros Castro Sánchez José Blas García Piñeiro José Manuel Lage Tuñas	Xosé Luis Penas Corral	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane
Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais 17:00 h mércores Semana anterior ao Pleno	Presidente: José Manuel Pequeño Castro Secretario: Luis Jaime Rodríguez Fernández	Manuel M ^a Durán Guillán José Luis Fernández Mourinho Dalia García Couso M ^a Beatriz Molinos Vidal Manuel Taboada Vigo	M ^a Milagros Castro Sánchez Ana Lamas Villar José Manuel Pequeño Castro José Ramón Rioboo Castro	Xosé Xurxo Couto Rodríguez	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane

COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO	PP	PSdeG-PSOE	BNG	MAREA ATLÁNTICA	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento 17:30 h mércores Semana anterior ao Pleno	Presidente: Xosé Luis Penas Corral Secretario: Luis Jaime Rodríguez Fernández	Martina Aneiros Barros José Carlos Calvelo Martínez Antonio Fernández Angueira José Pablo González Cacheiro José Muiño Domínguez	Cristina Capelán Cancelo Sandra González Castro José Manuel Lage Tuñas Antonio Leira Piñeiro	Xosé Luis Penas Corral	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane
Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural 17:00 h xoves Semana anterior ao Pleno	Presidente: Xosé Regueira Varela Secretaria: Susana Rouco Penabad	Evaristo Ben Otero José Carlos Calvelo Martínez Antonio Fernández Angueira José Pablo González Cacheiro Manuel Taboada Vigo	Cristina Capelán Cancelo M ^a Milagros Castro Sánchez José Blas García Piñeiro José Manuel Pequeño Castro	Xosé Regueira Varela	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane
Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior 17:30 h xoves Semana anterior ao Pleno	Presidente: Antonio Leira Piñeiro Secretaria: M ^a José Vázquez Sesmonde	Martina Aneiros Barros Rosa María Gallego Neira Dalia García Couso José Muiño Domínguez Roberto Rodríguez Martínez	Bernardo Fernández Piñeiro Sandra González Castro José Manuel Lage Tuñas Antonio Leira Piñeiro	Xosé Luis Penas Corral	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane

COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO	PP	PSdeG-PSOE	BNG	MAREA ATLÁNTICA	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible 17:00 h venres Semana anterior ao Pleno	Presidente: José Ramón Rioboo Castro Secretario: Manuel Vázquez Sesmonde	Manuel M ^a Durán Guillán Dalia García Couso M ^a Beatriz Molinos Vidal José Muiño Domínguez Roberto Rodríguez Martínez	Bernardo Fernández Piñeiro José Blas García Piñeiro Ana Lamas Villar José Ramón Rioboo Castro	Xosé Xurxo Couto Rodríguez	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane

5.- Aprobación da ratificación da Resolución da Presidencia pola que se modifica o nomeamento dun representante da Deputación no organismo Consorcio Provincial da Coruña para a prestación do servizo contra incendios e salvamento

Dáse conta da Resolución da Presidencia número 30751/2019 pola que se modifica o nomeamento dun representante da Deputación no organismo Consorcio Provincial da Coruña para a prestación do servizo contra incendios e salvamento

6.- Proposición da Presidencia sobre cambio de data do Pleno ordinario correspondente ao duodécimo mes do ano 2019.

O Pleno, por unanimidade, aproba a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, e seguidamente, tamén por unanimidade, apróbase a seguinte proposición da Presidencia:

"Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da corporación provincial.

Tendo en conta que a sesión ordinaria do Pleno de decembro de 2019 correspondería celebrala o día 27 dese mes, durante as festas de Nadal, e que esta circunstancia non permite unha axeitada preparación dos asuntos que se terían que someter ao Pleno na data prefixada,

Polo tanto e como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 29 de xullo de 2019,

PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 56.4 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial da Coruña correspondente ao duodécimo mes de 2019 celebrarase o día 20 de decembro, venres, a partir das doce horas".

7.- Aprobación da modificación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidad Internacional Menéndez Pelayo correspondente á subvención nominativa concedida para financiar os cursos na sede da Coruña no ano 2018

INTERVENCÍONS

Sr. Couto Rodríguez

Bos días a todas e a todos. Quería comentar acerca deste convenio nominativo, que xa foi aprobado, porque este convenio é do ano 2018, xa foi aprobado en sesión plenaria do 26 de outubro de 2018, cos reparos xa levantados. Non foi asinado pola entidade beneficiaria porque solicitou unha modificación o 14 de novembro, tamén do ano 2018, debido a un informe que recibiron da avogacía do Estado que así llo expresaba. Desde o departamento de Cultura, que o 31 de xaneiro do 2019 enviouse unha proposta de texto de convenio e foi aceptado pola UIMP o 28 de xuño, e de aí todo este proceso que agora traemos aquí, esa

modificación, que non é máis que unha modificación que, como xa se comentou na Comisión, simplemente en vez de colaboración modificábase a cooperación, e modifícanse por tanto as datas da xustificación, que remataría a 31 de decembro deste mesmo ano. Nada máis.

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a modificación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidad Internacional Menéndez Pelayo, correspondente á subvención nominativa concedida para financiar os cursos na sede da Coruña no ano 2018, que fora aprobada por acordo do Pleno da Corporación do 26 de outubro de 2018, de acordo co texto que se achega.

Convenio de cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Universidad Internacional Menéndez Pelayo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar os Cursos na sede da Coruña no ano 2018.

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a, en representación da Deputación provincial da Coruña

Dona María Luz Morán Calvo-Sotelo, en nome e representación da Universidad Internacional Menéndez Pelayo (entidade con NIF Q2818022B e domicilio social en rúa Isaac Peral, 23, 28040 Madrid) na súa calidade de Reitora Magnífica, que actúa facultada polo seu nomeamento realizado por Real Decreto 1457/2018, do 14 de decembro (BOE do 15 de decembro) e facendo uso das atribucións que ten conferidas no artigo 12 do Estatuto da Universidad, aprobado por Real Decreto 331/2002, do 5 de abril (BOE do 12 de abril).

EXPOÑEN

Que, segundo o disposto no convenio de cooperación subscrito o 10 de xullo de 1982, a Deputación da Coruña vén colaborando económica e institucionalmente coas actividades docentes e culturais que a Universidad Internacional Menéndez Pelayo desenvolve cada ano na Coruña.

Que, como parte da súa política de fomento en materia de educación e, de acordo con o disposto no art. 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, o Pleno da Deputación, aprobou incluír no EMC 6/2018 unha subvención nominativa para o financiamento dos Cursos na sede da Coruña no ano 2018.

Para tal efecto e dado o interese coincidente de ambas as partes, a Deputación provincial da Coruña e a Universidad Internacional Menéndez Pelayo acordan subscribir o presente convenio de cooperación de acordo con as seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases do outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a favor da Universidad Internacional Menéndez Pelayo (NIF: Q2818022B), fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento parcial dos Cursos na sede da

Coruña no ano 2018, de acordo con o seguinte programa:

1.- Encontro: ACTUALIZACIÓN E INNOVACIÓN DOCENTE NO ENSINO DA DANZA

Paula de Castro Fernández
A Coruña, 26 e 27 de maio
Conservatorio de Danza Deputación A Coruña

2.- Encontro: A ELABORACIÓN DE PLANS DE EMERXENCIA PARA CONCELLOS. APLICACIÓNS PRÁCTICAS

Roberto Lage
A Coruña, 4 e 5 de xuño
Club Financeiro Atlántico

3.- Encontro: ORGANISMOS TERMÓFILOS: FONTE DE RECURSOS PARA A BIOTECNOLOXÍA DO SIGO XXI

M^a Isabel González Siso
A Coruña, 11 e 12 de xuño
Club Financeiro Atlántico

4.- Encontro: PSICOLOXÍA FORENSE: COMO IDENTIFICAR A MENTIRA, A VERACIDADE, A CREDIBILIDADE E A SIMULACIÓN

Gualberto Buela
Riveira, 9 e 10 de xullo
Auditorio Municipal

5.- Encontro: O MEDIO EN GALICIA: NOVOS RETOS DE FUTURO

Francisco Pena
As Pontes, 30 e 31 de xullo

6.- Encontro: O OCÉANO ATLÁNTICO: UN ESCENARIO PARA A HISTORIA

Manuel Martín Bo
A Coruña, 30 e 31 de xullo
Castelo de San Antón

7.- Encontro: HONRAS E DISTINCIÓNS NA ESPAÑA DO SÉCULO XXI

Eduardo Pardo de Guevara e Valdés
Santiago de Compostela, 26 e 27 de setembro
Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento

8.- Encontro: A DIFUSIÓN DA ÓPERA ITALIANA EN ESPAÑA: NICOLA SETARO

José M^a Paz Gago
A Coruña, 15 e 16 de outubro
Real Club Náutico da Coruña

9.-Encontro: CARA A EL ASTILLERO 4.0 POLA TRANSFORMACIÓN DIXITAL

Ángel Recamán Rivas
Ferrol, 15 e 16 de outubro
EXPONAV -Arsenal de Ferrol

10.- Encontro: A ESTÉTICA FACIAL NO SÉCULO XXI: UN NOVO ENFOQUE MULTIDISCIPLINAR

M^a Consuelo Cousido González
A Coruña, 26 e 27 de outubro
Colexio de Médicos da Coruña

11.-Encontro: O DOCUMENTO ELECTRÓNICO E O PENSAMENTO DIXITAL

Gerardo Bustos

A Coruña, 12 e 13 de novembro

Club Financeiro Atlántico

12.-Encontro: MEDIACIÓN E XUSTIZA: EXPERIENCIAS, REALIDADES E PROPOSTAS DE FUTURO

Raquel Castillejo

A Coruña, 10 e 11 de decembro

Club Financeiro Atlántico

13.- Encontro: A CONSTITUCIÓN DE 1978: 40 ANOS

Javier Ruipérez Alamillo

A Coruña, 19 e 20 de novembro

Club Financeiro Atlántico

CICLO DE CONFERENCIAS TALENTO E SOCIEDADE.**A CONSTITUCION DE 1978 E A SÚA GRADUAL REFORMA**

Miguel Herrero de Miñón

23 de abril

II.- Orzamento da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

As actividades realizaranse de acordo con o seguinte orzamento:

Gastos**Directos:**

Honorarios de profesores	52.000.-
Aloxamento e mantemento	17.000.-
Viaxes de profesores	15.000.-
Tradución	800.-
Publicidade e difusión	6.500.-
Reprografía e material	1.100.-
Total directos	92.400.-

Indirectos:

Limpeza	1.500.-
Persoal actividades	7.500.-
Total indirectos	9.000.-

Total gastos 101.400.-

Ingresos:

Ingresos previstos por matrículas	11.700.-
-----------------------------------	----------

Total ingresos 11.700.-

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Diputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como defínese na cláusula primeira, cunha achega máxima de **80.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 78,90 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non conseguise o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 78,90 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, si a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa cobranza.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/42111, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou persoais, que a Universidad Internacional Menéndez Pelayo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Universidad Internacional Menéndez Pelayo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Universidad Internacional Menéndez Pelayo, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións.

2.- Si o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá solicitar polo menos tres presupostos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento deste deber da Universidad Internacional Menéndez Pelayo.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), cando se trate de actividades xa rematadas, a Deputación poderá establecer medidas alternativas, sempre que éstas permitan dar a difusión da financiación pública recibida co mesmo alcance das inicialmente acordadas.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Universidad Internacional Menéndez Pelayo unha vez que se presente de maneira telemática (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita por acódea representante legal da Universidad Internacional Menéndez Pelayo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Os gastos referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2018.

* Certificación da aprobación da relación de gastos e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento dos deberes tributarios e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Declaración de si a entidade está ou non exenta de IVE.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigacións asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar finalizadas o 31 de decembro de 2018.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **30 de decembro de 2019**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se recibiu xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidad Internacional Menéndez Pelayo para que o presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidad Internacional Menéndez Pelayo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidad Internacional Menéndez Pelayo na documentación achegada; e se transcurran máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo terá

dereito ao aboamento dos intereses de demora, ao tipo de interese legal, que se perciban desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

VIII.- Acreditación do cumprimento dos deberes tributarios e coa Seguridade Social.

1.- A Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento dos deberes tributarios coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento dos deberes tributarios coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Universidad Internacional Menéndez Pelayo destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderase realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais poidan impor, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobranzas e pagos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención paga, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais deberes formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2.- Simultaneamente, de acordo con o previsto na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos intereses de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase

o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, este incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeneral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidad Internacional Menéndez Pelayo serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no este precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, a concesión da subvención á Universidad Internacional Menéndez Pelayo será publicada no Boletín oficial da provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de decembro de 2019** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas desde o 1 de xaneiro de 2018.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2020 autorice o correspondiente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Universidad Internacional Menéndez Pelayo, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na

interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeneral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da esta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---.

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

8.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Actores e Actrices de Galicia polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento dos Premios María Casares 2019

INTERVENCIONS

Sr. Couto Rodríguez

Quería comentar, xa foi lido por min na Comisión tamén a xustificación da singularidade desta entidade, unha entidade de natureza única que nos seus anos de vida, que leva 35 xa anos de vida, converteuse nunha entidade de referencia do cinema galego. A Gala da que se nos pedía o convenio é a XXIII, os XXIII Premios de Teatro María Casares e, polo tanto, cremos que era unha iniciativa de absoluta singularidade, de todas maneiras, isto xa quedou reflectido na Comisión. Nada máis.

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á Asociación de Actores e Actrices de Galicia para financiar os *Premios María Casares 2019*, por importe de **15.000 €**, cun orzamento subvencionado de 64.050,00 € de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 13 de novembro de 2019.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2020, autorice o correspondente Orzamento.

“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Actores e Actrices de Galicia polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento dos Premios María Casares 2019.

Na Coruña a

REÚNENSE

Don/a _____ en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a _____ en representación da Asociación de Actores e Actrices de Galicia.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Primeiro.- A Asociación de Actores e Actrices de Galicia é unha entidade privada sen ánimo de lucro, de carácter profesional, autoxestora e autónoma, na que se integran na actualidade 336 persoas asociadas.

Segundo.- A Asociación de Actores e Actrices de Galicia ten entre os seus fins agrupar actores e actrices para a defensa dos seus intereses profesionais e desenvolver accións xerais de fomento das artes escénicas e audiovisuais dirixidas ao conxunto da sociedade galega, elaborar propostas de mellora, modernización e racionalización das políticas culturais en Galicia e, en xeral, calquera actividade que contribúa a estimular as prácticas e os consumos escénicos e audiovisuais en Galicia.

Terceiro.- Nestas actividades, ten un carácter fundamental a convocatoria dos Premios de Teatro María Casares que foron creados pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) como estímulo e recoñecemento ao labor e o traballo do sector teatral.

Desde a súa primeira edición en 1997, os Premios María Casares teñen demostrado sobradamente a súa funcionalidade como espazo privilexiado de encontro anual dos e das profesionais do teatro en Galicia, como foro social de recoñecemento da labor emprendida polos nosos artistas e como ámbito de proxección pública das súas obras.

Cuarto.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

Quinta.- En exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña reconece o labor cultural que ven desenvolvendo a á Asociación de Actores e Actrices de Galicia e considera de interese os premios que convoca polo que no Orzamento do ano 2019 figura crédito destinado a financiar os ditos premios.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente Convenio de Colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Asociación de Actores e Actrices de Galicia con CIF G15089410, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os

compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento dos “Premios María Casares 2019”.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Asociación de Actores e Actrices de Galicia desenvolverá as actividades programadas, consonte ao seguinte orzamento:

Arrendamentos e canones	1.700,00
Arrendamento de locais, material técnico, vestiario...	
Axudas non monetarias	2.500,00
Trofeos. Placas de finalistas e figuras trofeo.	
Servizos de profesionáís independentes (Contratacións externas)	34.000,00
Facturas de artistas e técnicos autónomos; medios técnicos necesarios para a presentación de finalistas e gala de entrega; a realización e streaming da gala; os servizos legais, de notaría e xestoría; o deseño e realización da escenografía da gala; os servizos de acomodación e reserva de convites; de fotografía; de adaptación do deseño aos diferentes formatos.	
Outros aprovisionamentos	200,00
Pequenos gastos en atrezzo e material de papelería .	
Desprazamentos	1.300,00
Gastos de aloxamento, comidas e parking dos artistas e técnicos participantes na gala e da xunta directiva.	
Primas seguros	650,00
Primas de seguros.	
Publicidade e propaganda	1.200,00
Impresión dos diferentes materiais, programa de man, photocall...	
Soldos e salarios	17.000,00
Soldos do persoal técnico e artístico contratado para a realización da actividade e os soldo imputados á actividade do persoal fixo da asociación.	
Seguridade social a cargo da entidade	5.500,00
Seguridade social a cargo da entidade do persoal contratado para a realización da actividade obxecto desta subvención.	

Total **64.050,00 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **15.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **23,41920 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado é suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **23,41920 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación de Actores e Actrices de Galicia obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación de Actores e Actrices de Galicia.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación de Actores e Actrices de Galicia, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación de Actores e Actrices de Galicia deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación de Actores e Actrices de Galicia.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Asociación de Actores e Actrices de Galicia unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, suscrita polo representante legal da Asociación de Actores e Actrices de Galicia, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos realizados** (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2019.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2019**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación de Actores e Actrices de Galicia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2020**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación de Actores e Actrices de Galicia para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación de Actores e Actrices de Galicia da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada

pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación de Actores e Actrices de Galicia terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Asociación de Actores e Actrices de Galicia deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Asociación de Actores e Actrices de Galicia destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación de Actores e Actrices de Galicia deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación de Actores e Actrices de Galicia poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación de Actores e Actrices de Galicia queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá

implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación de Actores e Actrices de Galicia serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación de Actores e Actrices de Galicia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2020** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado desde o 1 de xaneiro de 2019.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2020 autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Asociación de Actores e Actrices de Galicia, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

9.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a asociación Amigos da Ópera da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a Programación lírica da Coruña 2019

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á asociación Amigos da Ópera da Coruña por importe de 150.000 €, para financiar a *Programación lírica da Coruña 2019*, cun orzamento subvencionado de 580.000 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 13 de novembro de 2019.

3.- Condicionar a concesión desta subvención á aprobación definitiva do EMC4/2019 no que se contén o crédito axeitado e suficiente para o seu financiamento.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2020, autorice o correspondente Orzamento.

" Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a asociación Amigos da Ópera da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a Programación lírica da Coruña 2019.

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Don/a ----- en representación da asociación Amigos da Ópera da Coruña.

EXPOÑEN

1.- No ano 1952 constituíuse a asociación Amigos da Ópera da Coruña, entidade de carácter cultural e sen ánimo de lucro, cuxo obxecto é o de cultivar e fomentar a ópera, mediante a organización, tanto de representacións, como de todas aquelas actividades que poidan conducir á expansión e coñecemento dela.

O día 1 de febreiro de 1989, e, ao amparo do disposto na Lei de Asociacións 191/64, aprobáronse os seus estatutos vixentes e, por acordo da Xunta Xeral do 18 de febreiro de 2003, adecuáronse ao modelo proposto na Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo.

2.- Continuando coas celebracións dos 250 anos da fundación do primeiro teatro lírico na Coruña, que se ven conmemorando dende o ano pasado, Amigos da Ópera propónse seguir lembrando esa data excepcional, agora a través dunha efeméride de enorme relevancia. Grazas ao impulso de Nicola Settaro, que sentou as bases operísticas da cidade, en 1798 A Coruña acolleu a que foi a primeira representación de “Don Giovanni”, a obra mestra de Mozart, en España.

Para lembrar este acontecemento singular, A Coruña volverá acoller agora dúas únicas funcións da que para algúns representa “a ópera das óperas”, os días 13 e 15 de setembro, como eixo central da Programación Lírica coruñesa. Esta nova oportunidade de ofrecer ao público coruñés o “Don Giovanni” en tempos modernos contará ademais cun elemento verdadeiramente excepcional: será a primeira vez que Carlos Saura, posiblemente o máis prestixioso director de cinema en lingua española, abordará por primeira vez a posta en escena desta obra mestra, e farao como primicia en Galicia.

3.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura e, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao patrocinio das actividades de promoción da ópera no ano 2019.

5.- Polas razóns sinaladas e co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan suscribir o presente convenio, con arreglo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a asociación Amigos da Ópera da Coruña. (CIF: G15037930) para financiar a **Programación lírica da Coruña 2019** que terá lugar entre os meses de setembro e novembro deste ano, coa seguinte programación:

Óperas

* “Don Giovanni” de **W. A. Mozart** os días 13 e 15 de setembro. Teatro Colón.

* **Don Carlo**” de **G. Verdi** o día 29 de outubro. Teatro Colón da Coruña.

Recitais e concertos

Recital cunha das grandes figuras do actuais entre os tenores, o español **Celso Albelo**, 8 de setembro. Teatro Colón da Coruña

Michael Spyres, 21 de setembro, Teatro Colón da Coruña.

Carlos Mena, 25 de outubro, Auditorio de Afundación.

Sondra Radvanovsky, a programación clausurarase co recital dunha das principais voces de hoxe, na que ademais será a súa primeira actuación en Galicia. Concebido tamen como un tributo á gran Montserrat Caballé, reúne selección do mais puro belcanto ata chegar a Verdi, 13 de novembro. Teatro Rosalía

Ciclo “Os nosos intérpretes”.- Recital de Pedro Carballido, tenor.

XII Ciclo As novas voces galegas.- Gabrien Alonso Díaz, recital no mes de outubro no Auditorio de Afundación.

III Ciclo de Lírica Inclusiva.- Desenvolverase no mes de novembro, en datas e espazos aínda por determinar. Constará de dous recitais a cargo de mozos cantantes galegos.

Actividades paralelas

Concertos, conferencias, proxeccións e ciclos de cinema, entre os meses de setembro e novembro no Auditorio de Afundación.

Curso de interpretación vocal:

Amigos da Ópera recupera este ano o seu Curso de Interpretación Vocal, agora a cargo da lendaria soprano Mariella Devia. O curso desenvolverase no Conservatorio Superior de Música da Coruña do 21 ao 26 de outubro.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola asociación Amigos da Ópera da Coruña

A asociación Amigos da Ópera da Coruña desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Contratacións externas

*Gastos de contratación do persoal técnico: regiduría, eléctricos,
397.000.- maquinistas, utileiros, maquilladoras, barbería, mozos de almacén,
dirección de produción, dirección artística, repertoristas e persoal
de apoio, Cachet de artistas contratados para a ópera.*

Compra de bens destinados á actividade

Contratación de escenografía, vestuario, elementos de utilería,
luces, atrezzo, ... 122.000.-

Desprazamentos

Viaxes e aloxamento de artistas e persoal contratado para a actividade.
30.000.-

Publicidade e propaganda

Imprenta, publicidade, medios audiovisuais...
31.000.-

Total

580.000 €

III.- Colaboración da Deputación, financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha **achega en metálico**, por importe máximo de **150.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **25,862 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 25,862 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas e doutros ingresos privados que a asociación Amigos da Ópera da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas, subvencións ou outros ingresos privados supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á asociación Amigos da Ópera da Coruña.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á asociación Amigos da Ópera da Coruña, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a *Programación lírica da Coruña 2019*, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da asociación Amigos da Ópera da Coruña.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Amigos da Ópera da Coruña nun máximo de dous prazos, unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* Memoria das actividades realizadas, suscrita polo representante legal da Asociación Amigos da Ópera da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2019.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Declaración de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Para o cobro do último prazo, ademáis, presentarase a seguinte documentación:

* Memoria final de actuación, suscrita polo representante legal da Asociación Amigos da Ópera da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas na Programación lírica da Coruña 2019 e dos resultados obtidos.

* Liquidación final dos gastos realizados e dos ingresos públicos ou privados obtidos, a fin de determinar que o importe dos ingresos non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2019**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2020**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á asociación Amigos da Ópera da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á asociación Amigos da Ópera da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola asociación Amigos da Ópera da Coruña.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a asociación Amigos da Ópera da Coruña terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A asociación Amigos da Ópera da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a asociación Amigos da Ópera da Coruña poderá ser escoleta pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a asociación Amigos da Ópera da Coruña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións

tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da asociación Amigos da Ópera da Coruña serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á asociación Amigos da Ópera da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de marzo de 2020** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2019.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2020, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da asociación Amigos da Ópera da Coruña, realizada alomenos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poiran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

10.- Aprobación do convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da Programación cultural e divulgación do coñecemento científico do ano 2018

INTERVENCIÓNS

Sra. Gallego Neira

Bos días, moitas grazas, simplemente que se os convenios, sobre todo estes que todos os anos se manteñen, apróbanse todos os anos, deberían figurar no orzamento, xa o dixemos moitas veces, e estamos pendentes do Plan estratéxico de subvencións. En canto a este en concreto é para a programación cultural e divulgación do coñecemento científico no ano 2018. Nosoutros imos absternos e vouno xustificar pois como ultimamente o estamos facendo co tema do artigo 4 da Ordenanza xeral de subvencións, vou ler o que di o informe de Intervención: "O presente outorgamento conculcaría o artigo 4.3 da Ordenanza xeral de subvencións, polo que de aprobarse a concesión da subvención podería producirse unha derogación singular daquela disposición de carácter xeral, conduta expresamente prosrita no noso ordenamento xurídico". Imos absternos porque eu creo que as cousas hai que facelas ben e neste caso non é así. Grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños.

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 14 deputados (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña para financiar a *Programación cultural e divulgación do coñecemento científico do ano 2018*, por importe de **200.000 €**, cun orzamento subvencionado de 486.917,49 € de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola

Intervención da Deputación no seu informe do 13 de novembro de 2019.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2020, autorice o correspondente Orzamento.

“ Convenio de cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da *Programación cultural e divulgación do coñecemento científico do ano 2018*.

Na Coruña a

REÚNENSE

Don/a _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a _____, en representación do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña.

Actuando os intervinientes, na representación indicada e recoñecéndose mutuamente capacidade para a sinatura do presente documento.

MANIFESTAN

Primeiro.- Que o Centro Asociado á UNED da Coruña foi creado, de acordo co disposto no Decreto 2310/1972, do 18 de agosto, mediante convenio asinado o 11 de febreiro de 1983, entre a UNED e a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, así como os membros do Padroado naquel momento: Deputación Provincial da Coruña, Concello da Coruña, Concello de Culleredo, Concello de Betanzos e Banco de Bilbao.

Posteriormente, á vista do crecemento do Centro Asociado da Coruña, o 22 de outubro de 1996, foi asinado un novo convenio entre a UNED e os membros do Padroado: Deputación Provincial da Coruña, Concello da Coruña e Concello de Ferrol.

Segundo.- Que as disposicións recollidas na Lei 27/2013, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, na Lei 15/2014, de Racionalización do Sector Público e na Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, incidiron moi significativamente na Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local e no R.Decreto 1317/1995, sobre réxime de convenios da UNED cos Centros Asociados, no senso de facer inexcusable a necesidade da constitución dun consorcio como figura xurídica que dera soporte legal ao Centro Asociado á UNED da Coruña.

Terceiro.- Que a Deputación da Coruña, como membro do Padroado do Centro UNED da Coruña desde a súa constitución, vén colaborando no seu sostemento mediante a inclusión nos Orzamentos anuais dunha consignación para financiar a súa actividade.

Cuarto.- Que no EMC 6/2018, aprobado pola Corporación na sesión plenaria do 28 de setembro de 2018, foi incluído crédito por importe de 200.000 € que ten como beneficiario ao *Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña* e como obxecto: *Programación cultural e de divulgación do coñecemento científico do ano 2018*.

O Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña consignou no seu Orzamento de Ingresos, no capítulo 462 “Outras transferencias”, a aportación da Deputación da Coruña, por importe de 200.000 €.

Quinto.- A Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público establece no art. 3: 1. *Las Administraciones Públicas sirven con objetividad los intereses generales y actúan de acuerdo con los principios de eficacia, jerarquía, descentralización, desconcentración y coordinación, con sometimiento pleno a la Constitución, a la Ley y al Derecho.*

Deberán respetar en su actuación y relaciones los siguientes principios:

...e) Buena fe, confianza legítima y lealtad institucional.

Sexto.- De acordo co anterior e aínda que a Deputación Provincial da Coruña non está integrada no novo Consorcio que xestiona o Centro Asociado á UNED da Coruña, polo que non ten obriga ningunha no que se refire ao seu financiamento, a retirada da aportación provincial causaría un grave prexuízo económico ao Centro da Coruña.

En virtude do exposto, é vontade desta Deputación manter a cooperación para este ano, polo que os comparecentes acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de cooperación ten por obxecto establecer as bases do outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña (CIF Q1500424E), fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento parcial da **Programación cultural e divulgación do coñecemento científico do ano 2018.**

II.- Orzamento de gastos.

Os gastos obxecto do financiamento pola Deputación da Coruña son os seguintes, de acordo co Orzamento presentado polo Centro:

1. PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS	323.110,86
2. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	163.806,63
20 Compras material	32.039,17
21 Reparacións, mantemento e conservación	35.599,08
22 Material, suministros e outros	94.286,71
23 Gastos dietas e locomoción e indemnizacións por razón do servizo	1.881,67
TOTAL	486.917,49

Este orzamento correspóndese coas actividades que se achegan como anexo ao convenio.

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento dos gastos de funcionamento cunha achega máxima de **200.000**, o que representa unha porcentaxe do **41,07 %** do orzamento total.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **41,07 %**, da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/42390, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a *Programación cultural e divulgación do coñecemento científico do ano 2018*, corresponderalle ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña, asumindo, xa que logo, as conseguíntes responsabilidades.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- A Deputación da Coruña constitúese en organismo patrocinador do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña polo que na publicidade por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), cando se trate de actividades xa rematadas, a Deputación poderá establecer medidas alternativas, sempre que éstas permitan dar a difusión da financiación pública recibida co mesmo alcance das inicialmente acordadas.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle abonada ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar, que se aboará logo de que se presente a seguinte documentación:

* **Certificación** da aprobación da Liquidación Orzamentaria e Contas anuais de 2017.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito, establecida na cláusula quinta

Segundo prazo, por importe de 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificandos, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** da aprobación da Liquidación Orzamentaria e Contas anuais de 2018.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito, establecida na cláusula quinta

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- Os gastos que son obxecto de financiamento provincial, refírense ao período do 1 de xaneiro de 2018 ao 31 de decembro de 2018.

2.- Unha vez rematado o ano, o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de decembro de 2019**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña na documentación aportada. Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

Para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos gastos incluídos na cláusula segunda.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña deberá contar polo menos cun rexistro

cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuzamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de xaneiro de 2020** e terá efectos retroactivos, polo que os gastos contemplados nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2018.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2020 autorice o correspondiente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña, realizada alomenos un mes antes da fin da súa vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

ANEXO.- ACTIVIDADES INCLUÍDAS NO ORZAMENTO DE GASTOS.

Actividade	Gastos
Mediación no Ámbito Educativo	8.029,13
Mediación no ámbito Penal	8.029,13
Guía práctica para elaborar e presentar un TFG: a escritura académica nunha contorna dixital	11.768,73
Grafoloxía II: Coñéceche a través da túa firma	2.419,74
Prácticas en Mediación	5.939,36
UNED SENIOR (2018)	56.093,95
Como utilizar os "Recursos Libres" de Internet para a educación e a aprendizaxe	
Recursos e ferramentas on-line para a formación académica e investigadora	4.179,55
Nazca: O soño creador. Homenaxe a María Reiche	15.068,38
O Sistema Nacional de Protección Civil: a xestión das emerxencias en España	12.538,65
A carreira militar. O acceso con estudos universitarios	11.548,75
A captación da imaxe en Caravaggio	36.846,03
Novas vías profesionais nos Centros Penais	12.538,65
A xordeira e a súa implicación na linguaxe do neno xordo	14.078,48
I Feira de Emprego do Centro UNED A Coruña	8.689,06
Iniciación á Mediación. Teoría e Práctica	9.019,03
Claves para a Comunicación e Investigación Científica no século XXI: retos, oportunidades e "fakes"	2.969,68
Mediación no Ámbito Civil e Familiar	8.249,11
Mediación no Ámbito Educativo	7.259,22

A historia cultural da Transición: Os Ilegais	2.969,68
obradoiro: "Coñece a túa Biblioteca".(1ª edición)	1.319,86
Xornada de actualización: "Coñecemento do TIC propias da acción titorial"	1.319,86
obradoiro: "Como manexar as plataformas e TIC da UNED: Especial alumnado do CUID"	1.979,79
Obradoiro: "Como manexar as plataformas e TIC da UNED". (1ª edición)	2.859,69
Obradoiro: "Como manexar as plataformas e TIC da UNED". (2ª edición)	2.309,75
Obradoiro: "Como manexar as plataformas e TIC da UNED". (3ª edición)	1.319,86
Obradoiro: "Como manexar as plataformas e TIC da UNED". (4ª edición)	1.429,85
Obradoiro: "Como manexar as plataformas e TIC da UNED". (5ª edición)	1.759,81
Obradoiro: "Como manexar as plataformas e TIC da UNED". (6ª edición)	2.199,76
Coñeces a túa Facultade?: Benvida da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	219,98
Coñeces a túa Facultade?: Benvida da Facultade de Dereito	2.309,75
Coñeces a túa Facultade?: Benvida da Facultade de Educación	1.209,87
Coñeces a túa Facultade?: Benvida da Facultade Filosofía	329,96
Coñeces a túa Facultade?: Benvida da Facultade de Xeografía e Historia.	659,93
Coñeces a túa Facultade?: Benvida da Facultade de Psicoloxía	3.079,67
Coñeces a túa Facultade?: Benvida da ETS de Enxeñería Informática	989,89
Xornada de Benvida e Presentación da Delegación de Alumnos do Centro UNED A Coruña	4.289,54
Como aproveitar ao máximo os recursos que che facilita o teu Centro Asociado: Titorías e cursos de extensión universitaria	5.609,40
Coñeces a túa Facultade? Benvida da Facultade de Ciencias Políticas e Socioloxía	109,99
Xornada de Benvida do Centro UNED A Coruña	5.829,37
Coñece o teu Centro: Xornada de presentación de servizos do CA UNED A Coruña	2.309,75
Obradoiro: "Orientación para o éxito no estudo a distancia na UNED"	4.069,56
Encontro sobre "Mercado do crédito hipotecario e información precontractual"	15.838,29
CRÓNICAS INDUMENTARIAS. Aproximación á interpretación das indumentarias medievais	26.727,12
Réxime Xeral de Estranxeiría: Residencia por circunstancias excepcionais e reagrupamento familiar de persoas estranxeiras en España	13.968,49
Réxime Xeral de Estranxeiría: Menores e Proceso Sancionador	13.968,49
Violencia de Xénero (II): Aspectos Penais e Proxección Civil	13.968,49
Prevención e tratamento da tensión. Como manexar eficazmente situacións de tensión profesional	15.398,34
Delitos de apoderamiento e defraudación: impacto das reformas penais de 2015	13.858,51
Qué podo reclamar na miña hipoteca? Como localizar as cláusulas abusivas nos contratos bancarios	3.409,63
Préstamos e Hipotecas: Últimas novidades en lexislación e xurisprudencia en defensa dos consumidores	2.749,70
As agresións a membros das forzas e corpos de seguridade, persoal sanitario e docente: resposta penal	16.938,17
Presentación do "Cartel de Cego: Don Gaíferos de Mormaltán	1.979,79
Dereito Penal I. Delito e responsabilidade penal	14.628,42
Dereito Penal II. Consecuencias xurídicas do delito	17.048,16
A responsabilidade penal do policía por delitos cometidos no exercicio das súas funcións	13.858,51
Obradoiro: "Como manexar as plataformas e TIC da UNED (1ª Edición)	2.199,76
Obradoiro: "Como manexar as plataformas e TIC da UNED" (2ª Edición)	1.869,80
Introdución ao dereito Penal	12.758,62

11.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (ORGACMM) para financiar o proxecto "VI Congreso Galego de Comunidades de Montes"

INTERVENCIÓNS

Sra. Gallego Neira

Este expediente xa veu a Pleno, retirouse, porque non se ía votar, non porque o dixeramos nosoutros, pero si puxemos pegas porque son actividades que xa se realizaron o ano pasado. Agora resulta que aparece unha solicitude ademais a través do rexistro electrónico do 17 de abril de 2018, o que pedimos é que, por favor, se tramiten ben os expedientes e que o deputado responsable o revise antes de que veñan a Pleno e que se poidan aprobar como é debido.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños.

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 14 deputados (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"1º.-Analizada a intervención da Portavoz do Grupo Popular no Pleno do día 25/10/2019 e o informe do Servizo de Promoción Económica e Emprego no que se acredita a circunstancia de que a solicitude emitida pola Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (ORGACMM) para financiar o proxecto "VI Congreso Galego de Comunidades de Montes" fue presentada con anterioridade á realización do evento á que foi referida a solicitude

2º.- Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estos principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe.

3º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concurrencia competitiva, como o incorporado no presente expediente:

- A ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (ORGACMM) a través do proxecto "VI Congreso Galego de comunidades de Montes en Man Común" ten por finalidade principal conseguir a posta en valor do Monte Veciñal a través da organización da Veciñanza Comuneira, a posta en valor dos Montes Veciñais e uso do Monte Veciñal por terceiros
- Un dos obxectivos principais que pretende a entidade é afrontar os problemas do monte veciñal dun xeito que permita marcar unhas pautas de actuación conxunta que permita fomentar un sentimento de apoio e solidariedade entre as comunidades de montes.
- Por outra banda o servizo desenvolvido pola entidade ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (ORGACMM) pretende a organización de xornadas técnicas sobre cuestións que afectan ao monte veciñal en man común: Aproveitamento de recursos, produtos forestais, pastoreo etc.

4º.- Aprobamos o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (ORGACMM). CIF G36852960, para financiar o proxecto "VI Congreso Galego de Comunidades de Montes en Man Común " A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 8.274,66 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80 %.

5º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4141/481, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2019.

6º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de A Coruña e a ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (ORGACMM) polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "VI Congreso Galego de Comunidades de Montes".

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte o representante da Deputación da Coruña

Doutra parte o representante da ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (ORGACMM)

Na Coruña a

Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (ORGACMM).

1. Consideran de gran interese para a provincia a realización do VI Congreso Galego de Comunidades de Montes" xa que este congreso ten como obxectivo debater cuestións referentes á defensa dos montes veciñais en man común como titularidade de carácter xermánico e tamén a posibilidade de dotar de ferramentas para mellorar o funcionamento das comunidades de montes como pode ser a través da presenza da mocidade e da muller nos órganos de goberno das comunidades de montes.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (ORGACMM) as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (ORGACMM) con CIF G 15825045, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os

compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto Programa de “VI Congreso Galego de Comunidades de Montes.”

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (ORGACMM).levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

GASTOS	SEN IVE	IVE	CON IVE
Elaboración de relatorios VI Congreso	912,57 €		912,57 €
Envío de correspondencia VI Congreso	316,40 €		316,40 €
Impresión de relatorios VI Congreso	1.082,0 €	21%	1.309,22 €
Impresión de carteis VI Congreso	350,00 €	21%	423,22 €
Impresión de trípticos VI Congreso	381,00 €	21%	461,01 €
Impresión de carpetas VI Congreso	319,00 €	21%	385,99 €
Expositor vertical VI Congreso	146,00 €	21%	176,66 €
Deseño de impresión e publicidade	717,71 €	21%	868,43 €
Faldón mesa VI Congreso	145,00 €	21%	175,45 €
Adhesivos VI Congreso	90,00 €	21%	108,90 €
Hostal Portiño Rianxo, S.L.	225,00 €	10%	247,50 €
Hostal Casa Isolino, S.L.	162,00 €	10%	178,20 €
Carpas Pontevedra	600,00 €	21%	726,00 €
Libro VI Congreso	3.350,00	21%	4.053,50 €
TOTAL	8.796,68 €		10.343,33 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **8.274,66 €** o que representa unha porcentaxe de **80 %** . No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80 %** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/4141/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (ORGACMM) obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (ORGACMM). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (ORGACMM), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (ORGACMM), deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (ORGACMM) trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (ORGACMM).

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (ORGACMM), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (ORGACMM).
- xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo

o previsto na cláusula OITAVA.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (ORGACMM) deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre os días **26 e 27 de maio de 2018**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (ORGACMM) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (ORGACMM) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (ORGACMM) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (ORGACMM) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (ORGACMM) terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

A ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (ORGACMM) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

1. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (ORGACMM) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (ORGACMM) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonante ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (ORGACMM) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (ORGACMM) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuzamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

- 1 O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Si o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado

na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (ORGACMM) serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (ORGACMM) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día **1 de febreiro ata o 31 de agosto do ano 2018**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **29 de febreiro do ano 2020 sempre e cando exista crédito para tal fin**
2. Para o caso de que a ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (ORGACMM) non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de xaneiro de 2020**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (ORGACMM) perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da ORGANIZACIÓN GALEGA DE COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN (ORGACMM), respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ____ de ____ de ____
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante da
entidade

ORGANIZACIÓN GALEGA DE
COMUNIDADES DE MONTES
VECIÑAIS EN MAN COMÚN
(ORGACMM)"

12.- Aprobación da modificación das cláusulas V, VI, VII e XIII do convenio entre a Deputación e o Concello de Aranga (en nome da comunidade de Lambre- Mandeo) para financiar suministro dun camion 4x4

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Por acordo plenario núm. 7 do 27/09/2019) aprobouse o texto do convenio interadministrativo entre a Deputación e o CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO).

2º.- No informe de 21 de outubro de 2019 a Intervención Xeral sinala que o texto aprobado polo Pleno da Deputación non se axusta ao texto do convenio que foi fiscalizado en data 09/07/2019.

3.- As diferencias apreciadas entre os dous textos son as seguintes:

3.1.- Na cláusula V no texto aprobado polo Pleno omitiuse o seguinte parágrafo do punto 1:

"No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición de ben moble, farase constar o importe do financiamento provincial".

3.2.- No punto 1 da cláusula VI do texto aprobado polo Pleno a porcentaxe do primeiro pagamento sinalase que é un 50% cando o correcto é o 40% que é o que quedou reflectido no texto do convenio que foi fiscalizado o día 09/07/2019.

3.3.- No punto 1 da cláusula VI do texto aprobado polo Pleno omitiuse o seguinte parágrafo:

"Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados á mesma finalidade ou obxecto desta subvención"

3.4.- No texto aprobado polo Pleno aparece un parágrafo, no punto 1 da cláusula VI

que non figura no texto do convenio fiscalizado o día 09/07/2019 o dito parágrafo é o seguinte:

“Declaración de non ter recibido axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade”.

Este parágrafo eliminase do Acordo Plenario do 21/10/2019

3.5.- No texto aprobado polo Pleno no primeiro parágrafo do punto 2 da cláusula V aparece que unha vez formalizado en documento público ou contrato, procederase ao aboamento do 50 % cando a porcentaxe correcta é o 60%.

3.5.- No texto aprobado polo Pleno no parágrafo 6 do punto 2 da cláusula VII aparece que deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 50% cando a porcentaxe correcta é o 60%.

3.6 .- Na cláusula VII no texto aprobado polo Pleno o punto 1 non corresponde co texto do convenio fiscalizado o 09/07/2019.

3.7.- Na cláusula XIII no punto 2 no acordo plenario fai referencia que a porcentaxe do segundo prazo será do 50% cando a porcentaxe correcta é o 60%.

En consecuencia estímase procedente aprobar as modificacións ás que se fai mención co seguinte tenor literal:

O acordo a adoptar quedaría establecido nos seguinte termos:

1º.- Aprobar as modificacións no acordo plenario aprobado polo pleno da Deputación en data 27/09/2019 para adaptalo ao texto do convenio fiscalizado pola Intervención Provincial en data 9/07/2019.

2º.- Exceptuar para o presente convenio interadministrativo de cooperación o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estos principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe.

3º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concurrencia competitiva:

- A adquisición do camión ríxido 4x4 supón a realización de actuacións de competencia municipal nos concellos **de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmajor que integran a Comunidade Intermunicipal Lambre-Mandeo de Servizos Consorciados**. Entre as actuacións que poden atender están: labores de podas, substitución de luminarias, recollida de plásticos agrícolas nas explotacións gandeiras, realización de traballos de conservación das vías municipais, traballos de quitaneves, traballos de limpeza das beirarrúas, marquesiñas etc.
- Segundo a memoria presentada pola concello de Aranga a disposición dun camión ríxido 4x4 suporía a posibilidade de realizar actividades conxuntas de interese público local dos concellos que integran a Comunidade Intermunicipal Lambre-Mandeo.

- Así mesmo esta adquisición vai servir de apoio imprescindible para a prestación de numerosos servizos en cada un dos concellos integrantes da Comunidade Intermunicipal Lambre-Mandeo.
- A presente subvención pretende cumprir cun servizo público esencial, mínimo e obrigatorio nos catro concellos que integran a Comunidade Intermunicipal Lambre-Mandeo

4º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO), con CIF P1500300G para financiar o suministro dun “Camión Rixido 4x4” cunha achega provincial de 300.000,00 € con cargo á aplicación presupuestaria 0510/4142/76201, que representa un coeficiente de financiación do 100 %.

5º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio modificado é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e o Concello de Aranga (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)

Na Coruña a

Reunidos

Dunha parte o representante da Deputación da Coruña

Doutra parte o representante do Concello de Aranga (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e o Concello de Aranga (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO), ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio interadministrativo de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, CIF P 1500300G, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do suministro “**Camión rixido 4x4**”.

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN

Segundo o presuposto que achega o **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 300.000,00 €.

Tipo vehículo	Custo unitario
1 camión ríxido 4x4	300.000,00 €
TOTAL IVE INCLUIDO	300.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 300.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 100 %.
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4142/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é incompatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, xa que está financiada do 100% pola Deputación.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de adquirente, corresponderalle ao **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, o outorgamento do correspondente contrato de subministracións.
2. No procedemento de contratación, o **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

- 1.-No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición do ben moble, farase constar o importe do financiamento provincial.

Adquirido o ben, o **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, deberá rotular o ben en lugar visible de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista na base 58ª das de execución do orzamento para o ano 2019, ata o 40 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE**

INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO), pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación do contrato de subministracións, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de subministracións, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos:
 - Persoa adxudicataria
 - Importe do contrato
 - E prazo de execución
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- **O CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V.-2 de publicidade.

2. Formalizado en documento público ou contrato, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal):

- Factura e certificación acreditativa do pago do ben.
- Acta de recepción
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
- Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na

cláusula primeira, deberá estar realizada e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI, no prazo indicado na cláusula XIII.

2. Unha vez realizada a adquisición, o **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. **A CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinará esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio interadministrativo de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, será publicada no Boletín Oficial da Provincia da

Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.- O presente convenio interadministrativo de cooperación terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerás os devengados desde o 19 de xuño de 2019 ata o 30 de novembro de 2020 sen que en ningún caso sexan subvencionable os gastos devengados con anterioridade á dita data é conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro do ano 2020**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2.- Para o caso de que o **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, non poida ter adquirido o ben e presentada a xustificación antes do 30 de novembro de 2020, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o **convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do **CONCELLO DE ARANGA (EN NOME DA COMUNIDADE INTERMUNICIPAL LAMBRE-MANDEO)**, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ____ de ____ de ____

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN

CONCELLO DE ARANGA (EN
NOME DA COMUNIDADE
INTERMUNICIPAL LAMBRE-
MANDEO),”

13.- Aprobación do Plan de Vías Provinciais 2019, quinta fase

INTERVENCIÓNS

Sra. Gallego Neira

Moi brevemente. Para este punto, para a aprobación do Plan de vías provinciais e para o de travesías, un pouco o mesmo, imos votar a favor, evidentemente, porque estamos de acordo con que se realicen as obras, pero si que antes de que se liciten e que se adxudiquen se pidan os informes sectoriais pertinentes, porque logo nos encontramos con modificados de proxectos que tiveron que ser retirados deste salón de Plenos, que se teña en conta isto e nada máis.

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan de INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2019 5ª FASE cun orzamento total de con un orzamento total de 687.972,48.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4531/60900	VALOR DE EXPROPIACIÓN (0620/4531/600)
19.1110.0015.0	DP 0906 Ensanche e mellora da seguridade vial e construción de senda peonil pq 0+000 ao 0+533 (Pontedeume)	Pontedeume	310.384,07 €	-----
19.1110.0016.0	DP 3402. Bustelo a Caberta por Salgueiros. Mellora seguridade vial en Salgueiros pq 1+320 a 2+010	*Dumbria	377.588,41 €	1.033,72 €
TOTAL.....			687.972,48 €	1.033,72 €

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución da seguinte obra:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	VALOR DE EXPROPIACIÓN (0620/4531/600)
19.1110.0016.0	DP 3402. Bustelo a Caberta por Salgueiros. Mellora seguridade vial en Salgueiros pq 1+320 a 2+010	Dumbria	1.033,72 €

3.- Expor ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia

nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.

14.- Aprobación inicial do Plan de Travesías 2019, segunda fase

O Pleno, por unanimidade, acorda:

- 1) Aprobar inicialmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2019 2ª FASE cun orzamento total de con un orzamento total de 420.008,90 €.- euros e que son as que a continuación se detallan

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
DP 5604 Outes á Pereira por Pesadoira.- Mellora da travesía de Serra de Outes pq 0+000 ao 0+340 (Outes); CÓDIGO 2019.1130.0002.0	420.008,90 €
TOTAL	420.008,90 €

Esta aprobación inicial ten o carácter de mera programación, que non xera por tanto ningún compromiso económico nin de execución para a Deputación ata que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente e apróbase definitivamente o plan ou a correspondente fase do mesmo.

- 2) Remitir o citado proxecto ao Concello de Outes para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que refírese a Base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e os Concellos para a execución dos proxectos a incluír nas distintas fases do Plan de Travesías 2016-2019, aprobadas polo Pleno en Sesión celebrada o 29-07-2016 (BOP 144/1-08-2016)."

15.- Aprobación da ratificación da Resolución da Presidencia núm. 35664 de 15 de outubro de 2019 pola que se aproba a nova composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Ratificar a Resolución da Presidencia núm. 35664 de 15 de outubro de 2019 pola que se aproba a nova composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña, que literalmente dí:

RESOLUCIÓN 35664 DE 15/10/2019 POLA QUE SE APROBA A NOVA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA QUE MODIFICA A DESIGNADA POR RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA 26008 DE 29/07/2019

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial de A Coruña,

Antecedentes

- 1º) Mediante Resolución da Presidencia nº 26008 do 29/07/2019 aprobouse a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña respecto dos procedementos de contratación abertos e restrinxidos, procedementos negociados con publicidade a que se refire o artigo 326.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de 2017, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
- 2º) A composición da Mesa de Contratación foi ratificada polo Pleno na sesión de 12 de setembro de 2019, e publicada no BOP nº 182 de 25/09/2019.
- 3º) Visto o escrito do Grupo Provincial Socialista no que se nomea como deputada titular na Mesa de Contratación da Deputación da Coruña a dona Sandra González Castro, en lugar de Don Bernardo Fernández Piñeiro.

RESOLVO:

- 1º) Aprobar a nova composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña respecto dos seguintes procedementos de contratación a que se refire o artigo 326.1 da Lei 9/2017:
 4. aberto
 5. aberto simplificado
 6. aberto simplificadísimo do artigo 159.6
 7. restrinxido
 8. diálogo competitivo
 9. licitación con negociación
 10. asociación para a innovación
 11. procedementos negociados fundamentados en imperiosa urxencia prevista na letra b.1 do artigo 168

de maneira que a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña queda integrada polas seguintes persoas:

	TITULARES	SUPLENTE	
PRESIDENTE	Deputado provincial (Grupo Bloque Nacionalista Galego, BNG) D. Xosé Lois Penas Corral	Deputado provincial (Grupo Bloque Nacionalista Galego, BNG) D. María Carmen Muíño Filgueira	
VOGAIS	Secretario Xeral (con funcións de asesoramento xurídico) D. José Luis Almau Supervía	PRIMER VOGAL SUPLENTE	SEGUNDO VOGAL SUPLENTE
		Oficial Maior Dª Mª Amparo C. Taboada Gil	Letrado asesor xurídico Andrés Fernández Maestre
	Interventor Xeral D. José Manuel Pardellas Rivera	PRIMER VOGAL SUPLENTE	SEGUNDO VOGAL SUPLENTE
		Interventor adxunto	Viceinterventor

		D. Juan Bautista Suárez Ramos	D. José María Pérez Alvariño
SECRETARIO CON VOZ E SEN VOTO	Xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación D. Luis Jaime Rodríguez Fernández	PRIMER SECRETARIO SUPLENTE	SEGUNDO SECRETARIO SUPLENTE
		Xefa da Sección I de Patrimonio e Contratación Dª María José Lauda Pan	Xefa da Sección II de Patrimonio e Contratación Dª Beatriz Méndez López

ASISTENTES CON VOZ E SEN VOTO	Deputado provincial (Grupo Partido Socialista Obrero Español, PSOE) D. Sandra González Castro	Deputado provincial (Grupo Partido Socialista Obrero Español, PSOE) D. José Manuel Lage Tuñas
	Deputada provincial (Grupo Partido Popular, PP) Dª Martina Aneiros Barros	Deputada provincial (Grupo Partido Popular, PP) Dª Dalia García Couso
	Deputado provincial (Grupo Alternativa dos Veciños, AV) D. Angel García Seoane	-
	Deputado provincial (Grupo Marea Atlántica, MA) D. Alberto Lema Suárez	-

- 2º) Dar conta ao Pleno da Corporación da presente resolución para a súa ratificación.
- 3º) Dispoñer a publicación do presente acordo no perfil de contratante integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, de conformidade co artigo 326.3 e disposición adicional segunda, 7 da Lei 9/2017.
- 4º) Publicar ademais, para dar maior difusión á composición da Mesa de contratación, no Boletín Oficial de la Provincia e no Portal de Transparencia desta Deputación."

16.- Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o concello de Negreira polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras do proxecto reasfaltado e canalización de pluviais na zona da rúa Teresa Fabeiro Caamaño.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento. En consecuencia levantar o reparo de acordo co establecido no art. 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

2º.- Aprobar o texto e a formalización dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Negreira polo que se instrumente una subvención nominativa para cofinanciar as obras do Reasfaltado e canalización de Pluviais na

Zona da Rúa Teresa Fabeiro Caamaño, cunha achega provincial de **153.525,48 euros** con cargo a la aplicación orzamentaria **0112/160.1/762.01**, o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00 %** respecto dun orzamento de **191.906,85 euros**.

3º.- Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2020.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE NEGREIRA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DO PROXECTO REASFALTADO E CANALIZACIÓN DE PLUVIAIS NA ZONA DA RÚA TERESA FABEIRO CAAMAÑO

Na Coruña, a __ de _____ de 201__
REUNIDOS

Dunha parte, o representante da Deputación provincial

E doutra parte o representante do Concello de Negreira

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias:

- c) ...evacuación e tratamento de augas residuais
- d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de Negreira considera de primeira necesidade as actuacións de reasfaltado e canalización de pluviais na zona da rúa Teresa Fabeiro Caamaño. Dita obra ten por obxecto acometer a nova construción e reconstrución da rede de saneamento da rúa.

Dita rúa é unha das principais vías urbanas municipais.

Cando se urbanizou dita rúa, hai xa bastantes anos, fíxose de forma deficiente e, hoxe, atopanse inmersos nunha serie problemática que consiste en inundacións dos sotos dos edificios, tanto polas augas pluviais, como polas augas fecais, que non só asulagan os inmobles desta rúa senon que as augas retornan e levantan e saen polas arquetas e sumidoiros, directas á vía pública, coas conseguíntes molestias para os habitantes e usuarios, poidendo orixinar problemas de saúde pública.

As obras proxectadas contemplan a execución das seguintes intervencións:

-A primeira das obras é subsanar o aporte de auga limpa procedente da Avenida Das Brañas e do Concello de A Baña no límite municipal que se están introducindo augas limpas na rede de augas fecais as cales descenden pola Avenida Das Brañas, cruzan á rúa Rosalia de Castro e se introducen na rede de saneamiento de fecais da rúa Teresa Fabeiro a cal se atopa a unha profundidade de catro metros. Esta obra consiste en realizar esta conexión á rede existente de augas pluviais do viario.

-A segunda actuación é a formación da rede de augas pluviais en todo o desenrolo da rúa coa finalidade de recoller as propias augas pluviais que xera a rúa e as cubertas da edificación que a delimitan.

-A última das actuacións son o reasfalto do viario e das actuacións puntuais cun asfaltado en quente para obter un firme urbán, restaría co pintado de liñas de circulación, pasos de peóns e demais sinalalética necesaria para poder funcionar adecuadamente no viario.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Negreira** ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto establecer a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Negreira con CIF P1505700C fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das Obras do Proxecto reasfaltado e canalización de pluviais na zona da rúa Teresa Fabeiro Caamaño tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto técnico Alfredo Varela Nogueira Nº colegiado 2.140.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material:

133.277,90euros

Gastos xerais 13,00%	17.326,13 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	7.996,67 euros
IVE (21%)	33.306,15 euros
ORZAMENTO DA CONTRATA	191.906,85 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENHAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **153.525,48 euros** o que representa unha porcentaxe de 80,00%. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/160.1/762.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, ben mediante o procedemento aberto

ou procedemento aberto simplificado.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 57ª y 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2019, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.

- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2020**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2020**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2021**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista

nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o ____ de ____ do ____.

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D.
O DEPUTADO DE _____

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO
DE NEGREIRA

Asdo.: _____

Asdo.: _____

O SECRETARIO
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: _____ "

17.- Aprobación da modificación do prego de prescricións técnicas da subministración denominada "Adquisición camión de saneamento", do Concello de Sada, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 2017.3290.0374.0

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2017, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 25 de novembro de 2016 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 226, do 29 de novembro de 2016

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación de data 8 de xuño de 2017, en relación coa Resolución da Presidencia número 22137 do 7 de xullo de 2017, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017

Logo de ver que no Anexo a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen no POS+ 2017, no que figura, entre outras, o investimento do concello de Sada denominada "Adquisición camión de saneamento", co código 2017.3290.0374.0, que aínda está sen adxudicar

Logo de presentar o Concello de Sada un prego de prescricións técnicas modificado coa finalidade de corrixir os erros apreciados na súa redacción inicial, con incremento no seu orzamento total, así como á vista da certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente e do certificado da existencia de crédito do concello para o financiamento do incremento experimentado polo prego modificado

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o prego de prescricións técnicas modificado do investimento do Concello de Sada denominado "Adquisición camión de saneamento", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017, co código 2017.3290.0374.0, que foi aprobado polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 8 de xuño de 2017, en relación coa Resolución da Presidencia número 22137 do 7 de xullo de 2017, cun orzamento total de 127.225,45 €, o que representa un incremento de 7.225,45 €, no seu orzamento respecto do prego de prescricións técnicas inicial, que é financiado polo concello de Sada, quedando o seu financiamento como sigue:

Prego de prescricións Modificado "Adquisición camión de saneamento" 2017.3290.0374.0			
	Prego Inicial	Prego Modificado	Diferenza
Deputación	120.000,00	120.000,00	0,00
Concello	0,00	7.225,45	7.225,45
Total	120.000,00	127.225,45	7.225,45

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/9434/82120 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Sada para os efectos oportunos."

18.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Remodelación do parque infantil urbanización das Brañas" do Concello de Sada, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 1/ 2019 co código 19.2001.0564.0

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 28 de setembro de 2018 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 2 de outubro de 2018

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación de data 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019

Logo de ver as Resolucións de presidencia nº 32577 do 27/09/2019 (modificada por Resolución nº 37340 de data 23/10/2019) en relación coa Resolución nº36014 do 17/10/2019 (modificada por Resolución nº37339 de data 23/10/2019), polas que se aprobou definitivamente a 1ª FASE do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ ADICIONAL 1/2019.

Logo de ver que na listaxe dos investimentos que se inclúen no POS+ ADICIONAL 1/2019, 1ª fase, figura entre outras, a obra do Concello de Sada denominada "Remodelación do parque infantil urbanización das Brañas", co código 19.2001.0564.0

Logo de presentar o Concello de Sada un proxecto modificado desta obra, que aínda non está adxudicada, xunto co informe técnico favorable xustificativo da modificación, así como a acreditación da súa aprobación polo órgano municipal competente

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobado o proxecto modificado da obra do Concello de Sada denominada "Remodelación do parque infantil urbanización das Brañas", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019, co código 19.2001.0564.0, aprobado mediante Resolucións de presidencia nº 32577 do 27/09/2019 (modificada por Resolución nº 37340 de data 23/10/2019) en relación coa Resolución nº36014 do 17/10/2019 (modificada por Resolución nº37339 de data 23/10/2019), que non representa variación do seu orzamento de contrata respecto do proxecto técnico inicial, nin varía a súa finalidade, aínda que supón modificacións na superficie do parque así como a inclusión de novas partidas correspondentes aos novos elementos de xogo.

2.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/1716/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Sada para os efectos oportunos."

19.- Aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Narón polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da "Rehabilitación do Muíño da Xuvia"

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento de la subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a colaboración e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora do patrimonio provincial. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe.

2º Aprécianse no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa. O proxecto supón a mellora dos accesos a un dos principais recursos turísticos da provincia, os seus recursos patrimoniais, concretándose a presente " **REHABILITACIÓN DO MUÍÑO DE XUVIA** "que consiste nun complexo fabril do século XVIII de grande interese histórico e etnográfico. Trátase dunha infraestrutura cultural cuxa potenciación favorecerá o desenvolvemento socioeconómico do territorio lindeiro. Sendo o Muíño de Xuvia un elemento central identificador da cultura e etnografía de naroneses e veciños de Ferrolterra, son precisamente os veciños destes concellos os primeiros beneficiarios desta ambiciosa proposta de rehabilitación.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE NARÓN con CIF P1505500G, para financiar a "REHABILITACIÓN DO MUÍÑO DE XUVIA" cun orzamento de **1.307.842,39 €**

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de **400.000,00 €**, o que supón porcentaxe de financiamento do 30,5847 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/3339/76201 quedando condicionado á definitiva entrada en vigor do EMC4 no que queda incorporado o crédito adecuado e suficiente co que facer fronte á aportación provincial.

6º De igual xeito, a eficacia do convenio quedará condicionada á obtención da autorización por parte da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio, autorización que foi solicitada polo concello pero todavía non foi remitida pola mesma.

7º.- Facultar ao sr D. Xosé Regueira Varela, en representación da Deputación da Coruña en virtude da R.P. 2019/24475 de 16/07/2019, para a firma do convenio.

O texto do convenio é o seguinte

CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE NARÓN POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DA "REHABILITACIÓN DO MUÍÑO DE XUVIA"

Na Coruña, a __ de _____ de 201__

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, en representación da Deputación da Coruña,

E doutra parte D. _____ en representación do **Concello de NARÓN**

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio interadministrativo de cooperación, e reunidos en presenza do Secretario Provincial.

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación

xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de NARÓN considera de primeira necesidade as actuacións relativas ao **REHABILITACIÓN DO MUÍÑO DE XUVIA**, que ten os seguintes obxectivos:

- Acadar un elevado número de beneficiarios potenciais a través desta actuación.
- Fomento da Cultura, o Patrimonio e o Turismo.
- Recuperación dun elemento de importancia histórica e etnográfica.
- Creación directa e indirecta de postos de traballo e beneficios económicos indirectos para toda a zona.

O actual edificio do Muíño atópase desocupado desde hai décadas, en estado de abandono, sendo necesaria a súa rehabilitación para recuperar a súa imaxe inicial, evitando que continúe degradándose. O indiscutible valor histórico do inmovible, así como as posibilidades de actuación existentes acreditan o interese provincial desta actuación. As actuacións teñen por obxecto acadar espazos multiuso como o emblemático edificio que nos ocupa, e facer partícipes do mesmo a visitantes e residentes de Ferrolterra. As actividades irán desde a dirección e mantemento do centro pasando por un mostrario de produtos e artesanía da zona, ata un lugar de encontro e de manifestacións convencionais e folclóricas.

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar a REHABILITACIÓN DO MUÍÑO DE XUVIA, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de NARÓN ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio interadministrativo de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de NARÓN, con CIF P1505500G, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras da REHABILITACIÓN DO MUÍÑO DE XUVIA, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado pola entidade PROYFE SL.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

TOTAL ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL	908.286,96 €
13% GASTOS XERAIS	118.077,30 €
6% BENEFICIO INDUSTRIAL	54.497,22 €
TOTAL ORZAMENTO BASE LICITACION SEN IVE	1.080.861,48 €
21% IVE	226.980,91 €
TOTAL ORZAMENTO BASE LICITACIÓN CON IVE	1.307.842,39 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÁN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **400.000,00 euros** o que representa unha porcentaxe de **30,5847%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **30,5847 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/3339/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás

anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 57ª y 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2019, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de reformulo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- . Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros

ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.

- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iníciase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de

subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio interadministrativo de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de DECEMBRO do 2020**.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de NOVIEMBRE de 2020**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2021**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que

presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

**O PRESIDENTE, P.D.
O DEPUTADO DE _____**

**O ALCALDE -PRESIDENTE DO
CONCELLO DE NARÓN**

Asdo.: _____

Asdo. _____

**O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo. _____ "

20.- Aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de Mugardos polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da "Pista de Pumptrack en O Baño T.M. Mugardos"

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento de la subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a colaboración e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora do patrimonio provincial. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa. O proxecto supón a creación dunha instalación de carácter lúdico deportivo que permitirá desenvolver deportes a rodas, constituíndo un reclamo turístico relativo ao ocio e deporte.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE MUGARDOS con CIF P1505200D, para financiar a "PISTA DE PUMPTRACK EN O BAÑO T.M. MUGARDOS" cun orzamento de **95.525,81 €**

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de **76.420,65 €** euros, o que supón porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/76201

6º.- Facultar ao sr D. Xosé Regueira Varela, en representación da Deputación da Coruña en virtude da R.P. 2019/24475 de 16/07/2019, para a firma do convenio.

O texto do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COOPERACIÓN INTERADMINISTRATIVA ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MUGARDOS POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DA "PISTA DE PUMPTRACK EN O BAÑO T.M. MUGARDOS"

Na Coruña, a ____ de _____ de 201__

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, Deputado de _____ da Excm. Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____, Alcalde Presidente do **CONCELLO DE MUGARDOS**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o CONCELLO DE MUGARDOS considera de primeira necesidade as actuacións sobre, o **"PISTA DE PUMPTRACK EN O BAÑO T.M. MUGARDOS"**:

O proxecto nace pola necesidade por parte do Concello de Mugardos, dun lugar lúdico municipal para a práctica da bicicleta e outros deportes sobre medios rodados como patíns (en rodas ou en liña) ou monopatíns que contan cun número crecente de usuarios. Os pumptracks constitúen unha alternativa a sendeiros, camiños, aceras e prazas que presentan problemas de seguridade, ademais do carril bici que non está deseñado para un uso lúdico, senón como solución a problemas de tráfico. O pumptrack presenta un reducido mantemento e posibilidade de uso por usuarios de todas as idades.

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello realizar a PISTA DE PUMPTRACK EN O BAÑO T.M. MUGARDOS, motivadas principalmente por razón de interese público, social, deportivo e de ocio.

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE MUGARDOS ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN INTERADMINISTRATIVA conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do CONCELLO DE MUGARDOS, con CIF P1505200D, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras da PISTA DE PUMPTRACK EN O BAÑO T.M. MUGARDOS, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de camiños Antonio J. Durán Maciñeira.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, se desagrega do seguinte xeito:

MOVIMIENTO DE TERRAS E TRABALLOS PREVIOS	9.478,74
DRENAXE	7.794,41
FIRMES E PAVIMENTOS	32.234,54
SINALIZACIÓN	1.079,47
REMATES	13.544,81
XESTIÓN DE RESIDUOS	1.020,00
VARIOS	1.190,00
ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL	66.341,97
13% GASTOS XERAIS	8.624,46
6% BENEFICIO INDUSTRIAL	3.980,52
ORZAMENTO BASE LICITACION S/IVE	78.946,95
21% IVE	16.578,86
TOTAL	95.525,81

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **76.420,65 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,0000%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,000 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/4321/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo. Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no

certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 57ª y 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2019, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a

través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga

será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da

actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e

conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de outubro do 2020**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 31 de agosto de 2020**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2021**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar

e data indicados no encabezamento.

**O PRESIDENTE, P.D.
O DEPUTADO DE _____**

**O ALCALDE -PRESIDENTE DO
CONCELLO DE MUGARDOS DE
COMPOSTELA**

Asdo.: _____

Asdo. _____

**O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo. _____ "

21.- Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de outubro de 2019 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de outubro de 2019.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e na Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña do mes de outubro de 2019.

SEGUNDO: Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 31 de outubro de 2019.

TERCEIRO: Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña. "

22.- Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a setembro de 2019 e proxección a 31/12/2019.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 30 de setembro de 2019, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2019 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

23.- Aprobación da toma de coñecemento do informe da Consellería de Facenda de seguimento do Plan Económico-Financeiro 2018-2019 en cumprimento do disposto no art. 24 da lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, correspondente ao 1º semestre de 2019.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º. Tomar coñecemento do informe remitido pola Consellería de Facenda en cumprimento do disposto no artigo 24 e no punto 6 da Disposición adicional primeira da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas.

2º. Poñer a información a disposición de calquera interesado lexítimo a través da páxina de Internet da Deputación Provincial."

24.- Aprobación da toma de coñecemento da información rendida ao Ministerio de Hacienda en cumprimento do disposto na lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para o seguimento do plan económico-financeiro 2018-2019, correspondente ao terceiro trimestre de 2019.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º. Tomar coñecemento da información remitida ao Ministerio de Facenda en cumprimento do disposto no artigo 24 e no punto 6 da Disposición adicional primeira da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2º. Poñer a información a disposición de calquera interesado lexítimo a través da páxina de Internet da Deputación Provincial."

25.- Aprobación da toma de coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación Axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao terceiro trimestre de 2019, así como da súa remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Tomar coñecemento do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial contraincendios e salvamento da Coruña e Fundación Axencia enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao terceiro trimestre de 2019, así como da súa remisión ao Ministerio de Facenda, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

2. Dispor que se publique na páxina web da Deputación a documentación referenciada no

apartado anterior, para xeral coñecemento.

3. Envíar a devandita documentación aos órganos competentes da comunidade autónoma."

26.- Aprobación da toma de coñecemento da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial contra incendios e salvamento da Coruña e Fundación Enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao terceiro trimestre de 2019, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Ley Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Tomar coñecemento da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus Entes dependentes (Consortio Provincial contra incendios e salvamento da Coruña e Fundación Enerxética da provincia da Coruña), correspondente ao terceiro trimestre de 2019, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Ley Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira."

27.- Aprobación inicial da modificación das bases de prestación de servizos de control financeiro aos concellos da Provincia.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación das Bases para a delegación do exercicio de control financeiro de subvencións (Concellos de ata 10.000 habitantes e xestión indirecta de servizos públicos (Concellos de ata 5.000 habitantes), cuxo texto íntegro se incorpora como anexo ao presente informe-proposta.

SEGUNDO.- Expor ao público o presente acordo por prazo de trinta días, mediante a publicación dun anuncio indicativo no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de anuncios e na sede electrónica da Deputación. Durante dito prazo as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen oportunas.

TERCEIRO.- Transcorrido o referido prazo, estudaranse as alegacións presentadas e o Pleno adoptará o acordo definitivo que proceda ou, no caso de que non se presenten alegacións, o acordo ata entón provisional quedará definitivamente aprobado e procederase a darlle publicidade mediante a publicación das Bases no Boletín Oficial da Provincia, no Diario Oficial de Galicia, así como mediante o envío do texto íntegro do acordo a cada un dos concellos de menos de 10.000 habitantes da Provincia.

ANEXO: BASES PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE CONTROL FINANCEIRO AOS CONCELLOS DA PROVINCIA

PRIMEIRA.- OBXECTO DA DELEGACIÓN.

1. No exercicio da competencia de asistencia económica a municipios prevista no artigo 36.1 b) da Lei 7/85, de Bases de Réxime local, a Deputación Provincial de A Coruña asumirá por delegación as seguintes competencias cuxa titularidade ostenta o órgano interventor

municipal:

a) O control financeiro das subvencións outorgadas polos concellos con poboación de dereito inferior a 10.000 habitantes.

b) O control financeiro, na modalidade de control permanente, dos servizos públicos municipais xestionados indirectamente, nos concellos de menos de 5.000 habitantes.

2. Asemade, tamén se asumirá por delegación a xestión, liquidación e recadación dos reintegros e posibles sancións que se deriven do exercicio do control financeiro de subvencións.

SEGUNDA.- RÉXIME XURÍDICO.

O exercicio das competencias en materia de control financeiro delegadas polos concellos rexerase polas presentes Bases, sendo asemade de aplicación a seguinte normativa:

a) Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e normativa de desenvolvemento.

b) R.D. 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector público local.

c) Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector público

d) Lei orgánica 2/2012, de 28 de abril, de Estabilidade orzamentaria.

e) Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

f) Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

g) Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

h) Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña (BOP do 15 de abril de 2019).

i) Normas de auditoría do Sector Público.

TERCEIRA.- CONTIDO E ALCANCE DA DELEGACIÓN.

1. Contido.

Os concellos poderán delegar as seguintes funcións:

a) O exercicio das funcións de control financeiro sobre as subvencións pagadas nun determinado exercicio ou de todos os exercicios pechados, sempre que as obrigas dos beneficiarios non estean prescritas.

b) A instrución e resolución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados dos informes de control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior, así como a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo, dos ingresos de Dereito público resultantes. Para este efecto, resultarán tamén de aplicación a esta delegación as Bases para a prestación de Servizos tributarios aos concellos da Provincia.

c) A emisión de informes de control financeiro, na modalidade de control permanente, sobre os servizos públicos municipais xestionados indirectamente mediante concesión administrativa (só para concellos de menos de 5.000 habitantes),

2. Alcance do exercicio das competencias delegadas.

2.1 A delegación de competencias en materia de control financeiro de subvencións implica que a Deputación asumirá a totalidade das funcións do órgano interventor municipal con respecto ao exercicio desta función. Asemade, asumirá as competencias para a tramitación dos posibles expedientes de reintegro que se deriven dos informes emitidos, así coma o exercicio da potestade sancionadora, cando se aprecien algunha conduta infractora nos informes emitidos. Finalmente, tamén abranguerá a xestión e recadación das liquidacións resultantes dos procedementos de reintegro e sancionadores, que lle permitirá a Deputación liquidar e recadar, tanto en período voluntario como executivo, as sancións resultantes a través dos Servizos da Área Tributaria. Os importes obtidos serán ingresados a prol de cada concello segundo o previsto nas Bases para a prestación de servizos tributarios anteriormente referidas, unha vez descontada a taxa que se reporta a prol da Deputación.

2.2. No ámbito do control permanente dos servizos públicos , a delegación comprenderá a función de emitir anualmente un informe respecto da adecuación do servizo ao ordenamento xurídico e aos principios de boa xestión financeira, co fin de mellorar a xestión no aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedimental.

CUARTA.- COLABORACIÓN DOS CONCELLOS.

De conformidade co disposto nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 8 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais e co obxecto de facilitar o exercicio das competencias delegadas á Deputación, os concellos deberán prestar toda a colaboración necesaria, especialmente nos seguintes aspectos:

- a) Remisión de copia compulsada, completa e numerada de todos os expedientes que sexan solicitados no ámbito dos controis a realizar.
- b) Expedición de todas as certificacións ou informes que lle sexan solicitados para o exacto coñecemento dos antecedentes e datos necesarios para a emisión do informe de control financeiro.
- c) Acceso á información contable, mediante autorización expedida para o efecto.
- d) Información e, no seu caso, apoio para realizar as notificacións de comunicación de inicio de actuacións, requirimentos e informes ás entidades obxecto do control.
- e) Autorización para dispor dun local municipal axeitado para a realización das actuacións, para o caso de que as entidades obxecto de control non dispoñan de local propio.

QUINTA.- PROCEDEMENTO PARA O EXERCICIO DO CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCiónS, EXPEDIENTES DE REINTEGRO E POTESTADE SANCIONADORA.

Unha vez que se teñan adoptados os acordos para facer efectiva a delegación do exercicio do control financeiro de subvencións, procederase do seguinte xeito:

1. O órgano interventor do concello delegante expedirá unha relación certificada en formato de folla de cálculo, comprensiva de todas as subvencións pagadas nos exercicios pechados aos que se estenda a delegación, indicando o nome do beneficiario e o seu NIF, importe pagado, data de pago e aplicación orzamentaria a que se imputou o gasto.
2. Recibida a relación certificada na Deputación, o Negociado de Control Financeiro procederá a realizar a escolla dos expedientes que se sometan á auditoría, utilizando para tal finalidade os criterios establecidos no Plan de control financeiro aprobado polo órgano interventor da Deputación. En todo caso, o número de expedientes escolleitos non poderá resultar inferior a tres por cada concello e ano ao que se estenda o control. Do proceso de selección, así como da aplicación dos criterios, estenderase a correspondente dilixencia.
3. De inmediato darase conta ao concello do resultado da escolla, con indicación dos expedientes obtidos na mostra, que deberán ser remitidos polo concello respectivo no prazo

de quince días hábiles, preferentemente en soporte dixital debidamente autenticado. Cada expediente deberá conter, polo menos, a seguinte documentación: bases da convocatoria, solicitude do beneficiario, informes de valoración, resolución de concesión, documentación xustificativa, resolución de pago e documentación acreditativa do mesmo, no que conste a data na que se realizou.

4. Realizadas as actuacións de control financeiro en cada un dos expedientes e emitido o informe definitivo, unha copia do mesmo seralle remitido á Alcaldía do concello respectivo. Asemade, anualmente remitirase a cada concello un informe global de todas as actuacións realizadas, co fin de que se eleve ao Pleno da Corporación, de conformidade co disposto no artigo 220.4 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e artigo 27 do Real decreto 424/2017, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector público local.

5. No caso de que proceda a tramitación de expedientes de reintegro ou sancionadores, unha vez emitida a resolución definitiva que proceda, copia da mesma tamén lle será remitida á Alcaldía do concello respectivo. As liquidacións resultantes serán tramitadas pola Área Tributaria da Deputación, debendo o concello adoptar o acordo de delegación da liquidación, xestión e recadación destes ingresos de Dereito público. Neste caso, os ingresos obtidos serán incluídos na liquidación do período ao que correspondan.

SEXTA.- PROCEDEMENTO PARA O EXERCICIO DO CONTROL PERMANENTE SOBRE XESTIÓN INDIRECTA DOS SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS.

1. Determinado o alcance da delegación no acordo correspondente, o concello delegante deberá achegar, polo menos, a seguinte documentación con respecto a cada servizo sobre o que se estenda:

Normativa que defina o réxime xurídico básico do servizo (Regulamento) e, no seu caso, ordenanza reguladora da taxa ou do prezo público que se esixe aos usuarios.

Copia completa do expediente que se tramitou para a adxudicación do contrato de concesión e oferta presentada polo adxudicatario.

Estudo ou informe de custos do servizo.

Padrón ou relación de usuarios do servizo e, no seu caso, certificación dos importes obtidos pola recadación da taxa ou prezo público.

Documentación presentada polo contratista con respecto a cada exercicio de xestión.

Certificación, no seu caso, dos ingresos obtidos polo canon a favor do concello ou dos pagamentos realizados a prol do contratista.

2. Recibida a documentación anterior e completada coa que poida requirirse ao concello ou á empresa contratista, o Negociado de Control financeiro expedirá un informe provisional no prazo máximo de tres meses, que lle será notificado á Alcaldía do concello respectivo e ao contratista, para os efectos de posibles alegacións, que deberán ser presentadas no prazo de quince días hábiles. Logo de recibirse as mesmas, o Negociado de Control financeiro expedirá o informe definitivo. Este informe seralle remitido á Alcaldía do concello, para a súa elevación ao Pleno da Corporación, consonte ao previsto no artigo 36 do Real decreto 424/2017, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do Sector público local, para que se leven a cabo as actuacións que proceda, e tamén á empresa contratista, para o seu coñecemento.

SÉTIMA.- TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DELEGADOS.

1. Será de balde a actividade que abrangue a tramitación dos expedientes de control financeiro e a emisión dos correspondentes informes.

2. A liquidación e recadación dos reintegros de subvencións e, no seu caso, das correspondentes sancións por incumprimentos derivados da Lei de subvencións queda sometida á taxa xeral regulada na Ordenanza fiscal nº 5 desta Deputación.

OITAVA.- VIXENCIA DA DELEGACIÓN.

1. A delegación por parte dos concellos das súas competencias no ámbito do control financeiro de subvencións e, no seu caso, dos servizos públicos en xestión indirecta entrará en vigor unha vez tramitado cada expediente e publicado o acordo correspondente e deberá manterse por un período mínimo de DOUS ANOS.

2. Este prazo inicial de delegación poderá prorrogarse tacitamente por períodos iguais, se ningunha das partes comunica á outra, con un mínimo de TRES MESES de antelación ao seu vencemento, a vontade de deixar sen efecto a delegación, acordo que deberá ser adoptado polo mesmo órgano que tivera aprobado o acordo inicial e co mesmo quórum.

NOVENA.- ACORDOS DE DELEGACIÓN E DE ACEPTACIÓN.

Unha vez aprobadas as presentes bases polo Pleno da Deputación e publicadas no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, o procedemento para formalizar a delegación a prol da Deputación será o seguinte:

1º.- Acordo provisional de delegación de competencias, adoptado polo Pleno do concello delegante co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros que compoñen a corporación, que deberá contar co informe de conformidade do órgano interventor da Corporación.

2º.- Publicación do acordo anterior no Boletín Oficial da Provincia, abríndose un prazo mínimo de 30 días hábiles para o coñecemento dos interesados e para a presentación, no seu caso, de alegacións ao mesmo.

3º.- Acordo definitivo do Pleno do Concello delegante, resolvendo no seu caso as alegacións presentadas, ou elevando a definitivo o acordo provisional, de non presentarse ningunha.

4º.- Notificación á Deputación do acordo definitivo de la delegación, achegando certificación expedida pola Secretaría do Concello delegante.

5º.- Acordo adoptado polo Pleno da Deputación, co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros que compoñen a corporación, aceptando a delegación se o acordo municipal se axusta ás presentes Bases.

6º.- Publicación do acordo anterior no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, segundo o previsto no artigo 7.2º do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

DÉCIMA.- NORMAS DE DESENVOLVEMENTO.

Previos os informes de Secretaría e Intervención, facúltase ao Presidente da Deputación para que poida aprobar, mediante a correspondente resolución, as normas de desenvolvemento que resulten necesarias para a interpretación ou mellor cumprimento das presentes Bases. "

28.- Dación de conta das Resolucións de Presidencia números 31570 do 18/09/2019, 31571 do 18/09/2019 e 32318 do 26/09/2019

O Presidente da conta das Resolucións de Presidencia números 31570 do 18/09/2019, 31571 do 18/09/2019 e 32318 do 26/09/2019 polas que se nomea persoal eventual para realizar

funcións sinaladas legalmente como de confianza e asesoramento.

29.- Aprobación da posta en marcha do proxecto GEFRECON

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Tomar coñecemento da Decisión do Comité de Xestión do Programa Operativo España-Portugal de 28/03/2019, que aproba o proxecto GEFRECON (Gestión FoREstal CONjunta para prevención de incendios en territorio POCTEP) cofinanciado polo FEDER, no que participa a Deputación de A Coruña como entidade beneficiaria, cun orzamento cuxo detalle é o seguinte:

Achega do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)	87.180,00 €
Achega da Deputación da Coruña (cofinanciación)	29.060,00 €
Participación total da Deputación da Coruña no Proxecto GEFRECON	116.240,00 €

2º.- Aprobar a posta en marcha do proxecto GEFRECON, código: 2019.3.81010.1, cuxa distribución temporal de ingresos/gastos é a seguinte:

ACHEGAS	TOTAL	2019
Deputación da Coruña	29.060,00 €	29.060,00 €
FEDER	87.180,00 €	87.180,00 €
TOTAL	116.240,00 €	116.240,00 €

3º.- Facultar á Presidencia da Deputación para realizar as actuacións que sexan necesarias para a súa execución."

30.- Aprobación da posta en marcha do proxecto PEL RURINNOVA

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Tomar coñecemento da subvención concedida o 01 de abril de 2019 da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, na que se concede á Deputación de A Coruña unha axuda do Fondo Social Europeo, no ámbito da Garantía Xuvenil para a financiación de proxectos de emprego, autoemprego e emprendemento colectivo, dirixidos a afrontar o reto demográfico nos municipios de menor poboación (axudas EMP-POEJ), para a cofinanciación do proxecto "PEL-RURINNOVA", enmarcado na medida de actuación 8.2.3.3 Axuda ao autoemprego, cuxo orzamento é o seguinte:

Achega do Fondo Social Europeo	446.585,40 €
Achega da Deputación da Coruña	107.814,60 €
Total Proxecto PEL- RURINNOVA	554.400,00 €

2º.-Aprobar a posta en marcha do proxecto PEL RURINNOVA, código: 2019.3.81000.2 , sendo a distribución temporal de ingresos/gastos a seguinte:

ACHEGAS	TOTAL	2019
Deputación da Coruña	107.814,60 €	107.814,60 €
Fondo Social Europeo	446.585,40 €	446.585,40 €
TOTAL	554.400,00 €	554.400,00 €

3º.- Facultar á Presidencia da Deputación para realizar as actuacións que sexan necesarias para a súa execución."

31.- Aprobación da posta en marcha do proxecto PEL RELEVO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Tomar coñecemento da subvención concedida o 01 de abril de 2019 da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, na que se concede á Deputación de A Coruña unha axuda do Fondo Social Europeo, no ámbito da Garantía Xuvenil para a financiación de proxectos de emprego, autoemprego e emprendemento colectivo, dirixidos a afrontar o reto demográfico nos municipios de menor poboación (axudas EMP-POEJ), para a cofinanciación do proxecto "PEL-RELEVO", enmarcado na medida de actuación 8.2.4. Axudas ao emprego para a contratación de persoas mozas durante un período superior a seis meses, cuxo orzamento é o seguinte:

Achega do Fondo Social Europeo	396.964,80 €
Achega da Deputación da Coruña	101.035,20 €
Total Proxecto PEL- RELEVO	498.000,00 €

2º.- Aprobar a posta en marcha do proxecto PEL-RELEVO, código: 2019.3.81000.3 , sendo a distribución temporal de ingresos/gastos a seguinte:

ACHEGAS	TOTAL	2019
Deputación da Coruña	101.035,20 €	101.035,20 €
Fondo Social Europeo	396.964,80 €	396.964,80 €
TOTAL	498.000,00 €	498.000,00 €

3º.- Facultar á Presidencia da Deputación para realizar as actuacións que sexan necesarias para a súa execución."

32.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo co Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA), para cofinanciar o "PROGRAMA DE EDUCACIÓN, SENSIBILIZACIÓN, DIVULGACIÓN E PARTICIPACIÓN AMBIENTAL: A RIQUEZA DO NOSO PATRIMONIO NATURAL"

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira, e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non

discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento .

2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art. 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais.

3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co "Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA)", Cif V-15653298, para regular a achega de **50.000 €** que figura na Base 50ª.5 das de execución do orzamento xeral para 2018 para cofinanciar o "PROGRAMA DE EDUCACIÓN, SENSIBILIZACIÓN, DIVULGACIÓN E PARTICIPACIÓN AMBIENTAL: A RIQUEZA DO NOSO PATRIMONIO NATURAL", cun orzamento subvencionado de 69.495,87 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 71,9467 %.

4. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220190045080, da Partida 0520/17221/46701, do vixente Orzamento Xeral.

5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2020 tendo en conta que a vixencia do convenio exténdese ate o 31 de agosto de 2020.

6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (CEIDA) PARA FINANCIAR O "PROGRAMA DE EDUCACIÓN, SENSIBILIZACIÓN, DIVULGACIÓN E PARTICIPACIÓN AMBIENTAL: A RIQUEZA DO NOSO PATRIMONIO NATURAL"

Na Coruña a ... de de 2019

REUNIDOS

D. José Ramón Rioboo Castro, en representación da Deputación Provincial da Coruña

D. Carlos Vales Vázquez, Director Xerente do CEIDA

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecendo reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) foi creado mediante convenio de colaboración subscrito o 5 de decembro de 1997 pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros.

Con data do 22 de setembro de 2000 as administracións citadas asinaron un novo convenio coa finalidade de establecer o réxime de funcionamento, a provisión de prazas e o regulamento interno e, en xeral, mellorar a xestión do Centro.

Que os fins do CEIDA son a información, formación e educación ambiental e a extensión universitaria, para o que desenvolve as seguintes actividades:

- * Establecer un sistema de recollida de información ambiental co fin de crear un fondo documental e un banco de datos medioambientais que permita difundir todo tipo de información.
- * Fomentar a formación ambiental a todos os niveis, tanto a especialistas, técnicos e profesionais de diversos colectivos, como público en xeral.

* Complementar as actividades desenvoltas pola Consellería de Medio Ambiente, polo Concello de Oleiros e pola Universidade da Coruña nas materias sinaladas.

Que a Deputación da Coruña, que ten entre as súas competencias o fomento da actividade cultural, a posta en valor dos espazos naturais, recoñece a importancia do labor que o CEIDA desenvolve.

Que o CEIDA ten entre os seus proxectos o **“Programa de Educación, Sensibilización, Divulgación e Participación Ambiental: A RIQUEZA DO NOSO PATRIMONIO NATURAL”** que a través da Deputación de Coruña pode chegar a un maior número de colectivos da provincia.

Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) acordan subscribir o presente convenio de colaboración dacordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CEIDA (NIF: V15653298) para financiar o **“Programa de Educación, Sensibilización, Divulgación e Participación Ambiental: A RIQUEZA DO NOSO PATRIMONIO NATURAL”**, no que se integran as seguintes actividades:

1. Programa de actividades de Educación Ambiental para os centros educativos da provincia (visitas guiadas, charlas e obradoiros formativos)
 - O mar e a costa, recursos valiosos para todos
 - A Illa de Santa Cruz, un rico patrimonio natural e histórico
2. Seminario sobre espazos restaurados con exemplos de boas prácticas
3. Programa de divulgación ambiental - Exposicións itinerantes:
 - Coidando o noso mar
 - O noso futuro, o noso mundo, a nosa opción
 - Áreas Mariñas Protexidas
 - O Patrimonio Marítimo de Galicia
 - Operación Monarca
 - Reservas da Biosfera
 - Berros no roncar das ondas
4. Programa de asesoramento e documentación:
 - Préstamo de fondos bibliográficos e asesoramento do Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga.
5. Elaboración de materiais
6. Plan de comunicación

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O CEIDA desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO			IMPORTE
PERSOAL	Director Programa	12.771,93 €	51.875,59 €
	2 Educador/a ambiental	16.825,38 €	
	Documentalista	13.130,49 €	
	Administrativa	9.147,79 €	
Seguro accidentes e R.C.			700,00 €
Material/servizos (mat.funxible, desprazamentos, asistencia, etc.)			12.642,60 €
Gastos diversos (teléfono, dietas, limpeza, informática, etc.)			4.277,68 €
TOTAL			69.495,87 €

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **50.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **71,9467 %**. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 71,9467 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/17221/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CEIDA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un

exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- a. Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- b. Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o presente ano.

- c. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- d. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- e. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- f. Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CEIDA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CEIDA para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CEIDA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 57ª.7º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CEIDA na documentación presentada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CEIDA terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. O CEIDA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CEIDA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CEIDA deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CEIDA poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CEIDA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración

poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 72, do 15 de abril de 2019).

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 72, do 15 de abril de 2019).

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CEIDA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de agosto de 2020 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2019.

2. Para o caso de que o CEIDA non poda presentar a xustificación antes do 31 de agosto de 2020, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2020. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data _____ de _____

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN,

O REPRESENTANTE DO CEIDA,

D. JOSÉ RAMÓN RIOBOO CASTRO

D. CARLOS VALES VÁZQUEZ"

33.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo co CONCELLO DA CORUÑA, para cofinanciar o PROGRAMA DE BECAS EUROPA FP-PROXECTO "ACOREUROPA VII", NO MARCO DO PROGRAMA DE APRENDIZAXE PERMANENTE "ERASMUS+ 2017"

INTERVENCÍONS

Sr. Presidente

Respecto ao punto número 33 solicitamos a súa retirada por unha información administrativa sobrevinda a esta Presidencia, e virá en Plenos posteriores.

Sra. Gallego Neira

Gustaríanos saber o motivo

Sr. Presidente

É unha información sobrevinda administrativa, que vos daremos conta debidamente na Comisión oportuna.

O Pleno aproba, por unanimidade, a retirada do punto da orde do día.

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

Sr. Presidente

Hai dúas mocións relacionadas co ámbito educativo, unha presentada polo Grupo Provincial Marea Atlántica en defensa do ensino público de calidade e atención á diversidade, outra presentada polo Grupo Provincial Popular en defensa das liberdades educativas consagradas na Constitución, non sei se consideran oportuno debatelas conxuntamente ou non.

Empezamos coa presentada polo Grupo provincial Marea Atlántica en defensa do ensino público de calidade e atención á diversidade.

Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en defensa do ensino público de calidade e da atención á diversidade

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O curso escolar comeza este ano afondando na precarización do ensino público. Así, a atención ás necesidades educativas especiais continúa a ser o ámbito da educación máis golpeado polos recortes do goberno Feijóo, ao cargar coa maioría das prazas docentes eliminadas na nosa cidade: 3 de audición e linguaxe, 3 de pedagogía terapéutica e diversos apoios en infantil. Unha situación que afecta a varios centros de educación infantil e primaria da provincia da Coruña.

Debido a estes recortes, diversas asociacións de nais e pais decidiron tomar medidas e levan semanas demandando da Xunta de Galicia unha solución. Lamentablemente a resposta desta Administración foi articular "medidas correctoras" que non solventan a problemática, tal e como trasladan as distintas asociacións. Neste momento, a administración autonómica está a enviar profesorado en xornada reducida, cando en anos anteriores traballaba en réxime de xornada completa. É evidente que se trata dun parche, non de articular dereitos.

Este xeito de proceder afonda na conculcación do dereito constitucional a unha educación de calidade e en igualdade de condicións, e ataca un dos elementos básicos para a redución do fracaso escolar: o labor de orientación e atención ás necesidades especiais do alumnado máis desfavorecido.

Recentemente, varios expertos en dereitos humanos concluíron que no Estado español existe segregación e exclusión do estudantado con discapacidade, o que equivale a violacións moi graves do dereito á Educación. Este informe do Comité da ONU, sobre os dereitos das persoas con discapacidade, solicitaba unha serie de medidas, en consonancia co ODS número 4, que lamentablemente seguen sen cumprirse.

Neste informe tamén se fai mención a que as actuais políticas educativas están perpetuando un modelo médico da discapacidade. Segundo esta premisa, o "problema" atópase nas persoas, porque son elas as que teñen que loitar contra a súa discapacidade con tratamentos médicos. Mentres, a sociedade carece de responsabilidade á hora de combater a discriminación que padecen estas persoas.

O noso sistema educativo necesita incrementar a súa calidade, incorporar novos perfís profesionais que contribúan a atender a un alumnado cun perfil cada vez máis diverso e complexo, renovar os cadros de persoal promovendo a xubilación anticipada, e facer da formación un instrumento útil para garantir a adecuación do sistema e dos seus profesionais ás novas demandas.

Fronte aos recortes e ás políticas que apostaron por desprofesionalizar ao profesorado, apostamos por empoderar as profesionais da educación para, deste xeito, poder garantir o dereito a unha educación de calidade para todas e todos.

Polo exposto, o Grupo Provincial da Marea Atlántica propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- O Pleno da Deputación manifesta o seu firme apoio ao ensino público de calidade e á atención á diversidade nos centros educativos da cidade e rexeita os recortes no cadro de persoal de profesorado previsto para o curso 2019/2020 nos Centros de Educación Infantil e Primaria da provincia Coruña.
- 2.- O Pleno insta á Consellería de Educación da Xunta de Galicia a garantir a calidade da escola pública nos centros situados na provincia da Coruña, revertendo os recortes realizados neste curso nos cadros de profesorado dos centros educativos da cidade para, deste xeito, evitar un dano irreparable tanto ao servizo público educativo como ao propio exercicio do dereito fundamental á educación do alumnado.
- 3.- O Pleno insta ao Goberno Provincial e á área de Benestar Social e Educación a reunirse coa Xunta de Galicia de cara a atopar unha solución sobre a falta de profesorado para a atención á diversidade nos centros de ensino públicos da nosa provincia.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas, presidente. Bo día compañeiros e compañeiras.

Dicir que esta moción é promovida por unha asociación en defensa do ensino público denominada "Dereitos, non parches", que se presenta, por certo, na véspera do Día Internacional das Persoas con Discapacidade e dicir, por último, que para a súa motivación do traslado do ámbito local ao ámbito provincial, susténtase en informes e en notas aparecidas, notas de prensa, de organismos tales como a Confederación Intersindical Galega na que se denunciaba que esta situación, esta situación de infradotación ou de carencias na cobertura do ensino, a diversidade no ensino, tamén se percibe e tamén se detecta noutros centros de ensino de infantil e primaria na provincia, non unicamente nos do Concello da Coruña, e máis en concreto, segundo ao informe que me refiro da CIG, detéctanse tamén situacións de deficiencia no CEIP Fernández Flórez de Cambre, no Alfredo Brañas da Laracha e na Ponte dos Brozos de Arteixo.

Por pasar a ler a exposición de motivos desta moción, comentamos que o curso escolar comeza este ano afondando na precarización do ensino público. Así, a atención ás necesidades educativas especiais continúa a ser o ámbito da educación máis golpeado polos recortes do goberno Feijoo, ao eliminar a maioría das prazas docentes na nosa cidade: 3 de audición e linguaxe, 3 de pedagogía terapéutica e diversos apoios en infantil. Unha situación que afecta a varios centros de educación infantil e primaria da provincia da Coruña, como os que xa viñemos de comentar antes, aínda que esta información seguramente poida ser completada.

Debido a estes recortes, diversas asociacións de nais e pais decidiron tomar medidas e levan semanas demandando da Xunta de Galicia unha solución. Lamentablemente a resposta desta administración foi articular "medidas correctoras" que non solucionan a problemática, tal e como trasladan as distintas asociacións. Neste momento, a administración autonómica está a enviar profesorado en xornada reducida, cando en anos anteriores traballaba en réxime de xornada completa. É evidente que se trata dun parche, non de articular

e garantir dereitos. Este xeito de proceder afonda na conculcación do dereito constitucional a unha educación de calidade e en igualdade de condicións, e ataca un dos elementos básicos para a redución do fracaso escolar: o labor de orientación e atención ás necesidades especiais do alumnado máis desfavorecido.

Recentemente, varios expertos en dereitos humanos concluíron que no Estado español existe segregación e exclusión do estudantado con discapacidade, o que equivale a violacións moi graves do dereito á educación. Este informe do Comité da ONU, sobre os dereitos das persoas con discapacidade, solicitaba unha serie de medidas, en consonancia co Obxectivo de Desenvolvemento Sostible número 4, que lamentablemente seguen sen cumprirse.

O noso sistema educativo necesita incrementar a súa calidade, incorporar novos perfís profesionais que contribúan a atender a un alumnado cun perfil cada vez máis diverso e complexo, renovar os cadros de persoal promovendo a xubilación anticipada, e facer da formación un instrumento útil para garantir a adecuación do sistema e dos seus profesionais ás novas demandas. Fronte aos recortes e ás políticas que apostaron por desprofesionalizar ao profesorado, apostamos por empoderar as profesionais da educación para, deste xeito, garantir o dereito a unha educación de calidade para todas e todos.

Por todo o exposto, propónse a adopción ao Pleno dos seguintes acordos: En primeiro lugar, o Pleno da Deputación manifesta o seu firme apoio ao ensino público de calidade e á atención á diversidade nos centros educativos da cidade e rexeita os recortes no cadro de persoal de profesorado previsto para o curso 2019/2020 nos Centros de Educación Infantil e Primaria da provincia da Coruña. O Pleno insta á Consellería de Educación da Xunta de Galicia a garantir a calidade da escola pública nos centros situados na provincia da Coruña, revertendo os recortes realizados neste curso nos cadros de profesorado dos centros educativos, -aquí pon da cidade da Coruña, debéra ser da provincia da Coruña, existe un erro material que pode ser, ou debe ser, corrixido a posteriori en caso de que se aprobe esta moción-, para, deste xeito, evitar un dano irreparable tanto ao servizo público educativo como ao propio exercicio do dereito fundamental á educación do alumnado. O Pleno insta, finalmente, ao Goberno provincial e á área de Benestar Social e Educación a poñerse en contacto cos centros educativos da provincia para recadar información sobre esta problemática e reunirse con posterioridade coa Xunta de Galicia de cara a atopar unha solución sobre a falta de profesorado para a atención á diversidade nos centros de ensino públicos da nosa provincia.

Indicar, por último, que esta moción, co mesmo nivel de competencia en materia de educación que asiste a esta entidade, á Deputación da Coruña, foi aprobada cos votos favorables da Marea Atlántica, do PSOE, e do Bloque Nacionalista Galego no Concello da Coruña na súa sesión de outubro. Graciñas.

Sra. Muíño Filgueira

Para empezar, antes de nada, nós queremos deixar claro o noso firme compromiso na defensa dos dereitos de todo o alumnado, con independencia de calquera circunstancia, o dereito á educación para todos os nenos e nenas, mozos e mozas, está recoñecido a través dos dereitos humanos de todas as constitucións europeas e tamén da española do 78, e ademais o feito de ter asinado, tanto a convención dos dereitos das persoas con discapacidade da ONU, como o seu protocolo de aplicación para o Estado español, fan que avanzar en materia de inclusión sexa unha cuestión indiscutible. Con todo, tamén coincidimos na preocupante situación que arroxa tanto os datos que aparecen nesta moción, como os repetidos informes por parte da ONU que indican que o noso sistema educativo continúa a ser segregador e excluínte e vulnera os dereitos do alumnado con diversidade funcional ou moitas veces por outras causas de índole social que xeran vulnerabilidade.

Coincidimos en que é obriga das administracións poñer a disposición dos centros escolares e, polo tanto, do alumnado, todos os recursos necesarios para prestar os apoios que garantan que poidan estar incluídos, participar e aprender en pé de igualdade no mesmo centro que calquera outra crianza, que é onde lles corresponde.

Temos na nosa lexislación un Decreto de atención ás persoas con diversidade, que é no que se nomean diferentes medidas que se han desenvolver para garantir esta situación, como son as medidas ordinarias que non implican ningún tipo de actuación específica, pero que evidencia que é preciso investir e dispoñer recursos, unha adecuación estrutural e organizativa dos centros, que permita flexibilizar horarios, facer agrupamentos a medida, ou adaptar os espazos para a participación de todo o alumnado, adecuación das programacións didácticas á contorna e ao alumnado, dotación de recursos necesarios para unha atención á diversidade que chegue á totalidade do alumnado. Son diversas actuacións, como tamén é a disposición de persoal especializado, de pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, que poidan prestar realmente apoio nas aulas, que é onde ten que levarse adiante a inclusión, porque se imos falar de apoios rehabilitadores fóra da aula, que xeran exclusión, aí o que non inclúe, definitivamente, exclúe.

Neses sentido compartimos daquela todo o espírito da moción e asumimos, efectivamente, que o noso apoio para reivindicar un ensino público de calidade e cunha atención á diversidade digna, que garanta unha inclusión real e efectiva, e instar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia para que garanta esta escola.

Con todo, entendemos que as competencias en educación, e a responsabilidade de garantir que sexa prestada así, non é unha competencia propia desta Administración, polo que tamén entendemos que non debemos de exercer funcións de fiscalización, ou de inspección, e, por outro lado, temos tamén serias dúbidas de que os centros da Xunta de Galicia, vaian facilitarnos datos acerca dos recursos dos que dispoñen ou dos horarios ou tipo de atención que están prestando ao alumnado. Con todo, entendemos que existe informes e información suficientes para poder valorar esta situación de xeito obxectivo, e no caso de que se retirara este punto tres, nós daríamos todo o noso respaldo a esta moción, e senón veríámonos na tesitura de ter que absternos. Grazas.

Sra. Gallego Neira

Non entendemos, quedamos sorprendidos, despois de ler a moción de escoitar a defensa por parte da Marea, un pouco corrobora case a nosa postura a deputada do Bloque, "porque a Xunta non nos dá a información", ou sexa, quere dicir que a información realmente non a temos, que falamos por falar, porque se a tiveramos non diríamos o que se está dicindo.

A verdade é que eu creo que aquí o que hai é un descoñecemento total do que é o ensino público en xeral e do traballo, da realidade do sistema educativo galego. En primeiro lugar, Sr. Lema, quedoulle anticuada, fala vostede de que "O curso comezou...", é que vostede presentou hai meses esta moción no Pleno no Concello da Coruña, de feito refírese a tres casos que houbo na Coruña que se solucionaron no momento, porque como xa lle dixemos no Pleno as necesidades as primeiras semanas de curso é cando se adaptan as necesidades polas variacións que houbo en verán, foron unhas semanas e xa pasou, xa está. Entón, iso está solucionado, fórmulao agora por ir contra a Xunta sen máis.

Descoñecen totalmente a situación porque de feito instan á Deputación a poñerse en contacto cos centros para obter a información, vostede terá unha información para presentar esta moción, non terá que facer a Deputación o traballo que se supón que vostede xa realizou.

E voulle dicir que a día de hoxe, como así llo dixemos xa no Pleno, pero para que o saiban os demais, o sistema educativo galego é o máis inclusivo de toda España, e iso non o

di o Partido Popular, iso dío a última estatística do Ministerio, Galicia é a Comunidade Autónoma que ten a maior porcentaxe de alumnado con necesidades educativas especiais integrado en centros comúns, nin máis nin menos que o 92,4% do alumnado con necesidades especiais está integrado, o que favorece a igualdade de oportunidades. Máis de un de cada dez profesionais do ensino son especialistas en atención á diversidade. Galicia incrementou o número de profesionais dedicados á atención á diversidade desde o ano 2009, o curso 2009-2010 sumaban pouco máis de 2.700, e hoxe contamos con máis de 3.500, co cal non só non hai recortes, senón máis ben todo o contrario. Grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Brevemente, moi bo día, vexo que xa marcou un pouco a postura a voceira do BNG que me precedeu, compartindo gran parte do espírito da moción, e algún dos seus acordos, si que é certo que o terceiro acordo, limítanos en canto a apoiala, tendo en conta que, xa o repetimos no último Pleno, esta Deputación non ten competencias nesa materia e, polo tanto, estamos esixindo constantemente á Xunta de Galicia que as asuma en materia educativa, non tería moito sentido que agora desde a Deputación foramos un pouco en contra dese criterio realizando un estudo para ver a situación deses centros, cando iso lle compete en principio á administración, como digo, e valla a redundancia, que ten a competencia na materia. Polo tanto, nós se hai a posibilidade de votar por puntos, votariamos favorablemente os dous primeiros, e senón teriamos que abstermos como xa indicou a voceira do noso socio de Goberno do BNG. Moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Dúas cuestións de forma, se se quere. Unha de prazo, esta moción foi rexistrada hai máis dunha semana, eu creo que se se quixera, ou houbese ánimo en todo este tempo de, dalgunha maneira, reformala, emendala, creo que houbo tempo de sobra para facelo, a verdade é que non me parece, compañeiros, demasiado serio pretender chegar a un acordo para retirar un punto da moción despois das doce do mediodía do día de hoxe, eu creo que houbo tempo de sobra para facelo, e tempo de sobra ademais para que eu poida poñerme en contacto coa entidade que é a promotora desta moción, para dicirlles se lles parece ou non lexítimo que se retire un punto no que non indica en absoluto que a Deputación asuma unha competencia que non é propia, pero si unha incumbencia que lle é propia, é dicir, interesarse por coñecer o estado da atención á diversidade nos centros de educación infantil e primaria de toda a provincia. E digo isto porque, en contra do que acaba de sinalar a Sra. Rosa Gallego, por suposto existen informes doutras entidades, manifestouse aquí o da CIG, pero hai doutros, que denuncian esta situación. Por certo, a Xunta de Galicia, por fin, asumiu esta deficiencia dunha vez que existiu a contestación social e a presión política para que así fose, e o único que lle estamos reclamando, por certo, á Deputación da Coruña, é que faga o mesmo, basicamente ese exercicio de presión e de denuncia.

Se a Deputación da Coruña precisa asistencia para que, digamos, outros terceiros lle axudemos, poñéndonos en contacto coas ANPAS da provincia para coñecer esta situación, eu poño aquí inmediatamente ao servizo da Deputación da Coruña o meu traballo e o meu tempo para axudarlles a coñecer mellor, máis polo miúdo a situación da atención á diversidade nos centros de educación infantil e primaria desta provincia. En serio que, por esa parte poden contar concretamente coa nosa colaboración.

Por demais, insisto, eu creo que houbo un prazo de tempo sobrado para intentar chegar a acordos sobre esta cuestión, acordos que non son eu quen debe tomalos, porque foi unha terceira entidade, foi unha entidade que está preocupada, unha entidade de asociacións de nais e pais de alumnos que se ocupan deste tipo de cuestión, eu creo que non teño aquí a lexitimidade para retocala sobre a marcha, e en último lugar, insisto, neste Pleno, tanto no pasado, como estou seguro, no futuro, téñense debatido multitude de cuestións que non son

estritamente do ámbito da competencia provincial, pero sen dúbida da incumbencia desta administración. Co cal, insisto, unha vez máis, a miña posta a disposición para axudar no que sexa preciso, para certificar, para coñecer mellor a situación do ensino primario, de atención á diversidade no ensino primario da provincia, e tamén a animarvos a apoiar esta moción aínda compartindo que, efectivamente, trátase dunha competencia autonómica, e non provincial, pese a que eu creo que, efectivamente, a Deputación debe estar interesada pola calidade formativa neste tramo educativo.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Efectivamente, desde que se presenta a moción houbo tempo a poder falar disto, pero comprenderá, Sr. Lema, que nós non temos por que saber se vostede presenta a moción en nome dalgún tipo de entidade, en principio a moción é presentada pola Marea Atlántica e na súa exposición de motivos non se fai referencia en ningún momento a que se estea a presentar en nome de ningún tipo de entidade. Polo tanto, para nós é moi difícil, non se fixo no seu momento porque entendemos que as mocións se traen ao Pleno precisamente para debatelas, e dentro do debate da moción pode xurdir que se faga unha proposta de modificación dalgún dos puntos. Podíase ter feito con antelación, ben, perfecto, aí poderíamos entoar nós o mea culpa, pero en todo caso non quita que no Pleno, que é precisamente onde se debate, e por iso se debate, precisamente, para que marquemos as nosas posturas e poder chegar a algún tipo de acordo, senón non tería ningún sentido debater, máis que para fixalas, en principio na esencia do debate está tamén a posibilidade de convencer ao contrario de que apoie unha das nosas iniciativas, senón sería simplemente facer unha pequena representación teatral, e non se trata diso. Polo tanto, como vimos aquí a debater nós facemos a proposta agora, poderíamolo ter feito antes, efectivamente, pero tamén se podía facer agora, sobre todo desde o descoñecemento, repito, de que esta moción estaba presentada por unha entidade a través do seu Grupo, e polo tanto, vostede non ten a capacidade para modificala. Iso nós descoñecíamolo e por iso non se fixo esa proposta. En todo caso, repito, tamén é certo que no último Pleno versou gran parte do debate sobre o orzamento en canto a que non temos competencias nunha determinada materia, que é precisamente a educativa, por tanto, tamén sorprende un pouco que aínda sabendo iso, sabendo iso que se falou no último Pleno, se traía precisamente nun dos puntos unha proposta na que a Deputación tería que realizar unhas xestións que non lle competen.

E sobre que, efectivamente, aquí temos tratado moitos temas que non son competencia da Deputación, pois é verdade, mañá imaxínese vostede que traemos unha moción sobre salvamento marítimo, e podemos debater dela porque nos afecta como cidadáns aos que representamos desta provincia, pero iso é distinto a que esta Deputación, cando se debata, por exemplo, sobre salvamento marítimo, teña que facer algún tipo de achega, ou ben económica, ou colaboración nese senso, son cousas moi distintas, nós non estamos a debater sobre esta cuestión, e de feito estamos debatendo sobre ela, estamos dispostos a votar dous dos puntos que non nos obrigan a adoptar ningún tipo de medida en algo que non temos competencia, pero iso é distinto a que nós teñamos que tomar parte, como digo, naquilo, e non quero ser pesado, no que non temos competencias. Moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Efectivamente, seguindo un pouco a estela de Bernardo, dicir que se se formula esa retirada e que realmente non é prato do noso gusto non poder dar respaldo ao que se reivindica. Logo tamén un pouco por apuntar, porque si que falando de que somos a Comunidade máis inclusiva do Estado español, si que me gustaría un pouco matizar ese dato do 92% do alumnado integrado, integrar non é incluír, integrar é estar nun centro educativo, sen ser un alumno máis, estar integrado, ademais de estar presente nun centro, quere dicir

que formas parte da dinámica dos centros, que estás aprendendo con todos os teus compañeiros e compañeiras e que tes á túa disposición todos os recursos que precisas para poder aprender e avanzar en compañía co resto. A min éntranme dúbidas de ese 92% se estamos falando de alumnado matriculado en primaria e se se inclúen os datos de secundaria, e tamén fáltame moita información cualitativa que é a que realmente nos dá dereito a falar de inclusión e, xa digo, estar incluído non é estar matriculado nun centro, fala das medidas de apoio que recibes, dos recursos que tes a túa disposición, e do teu grao de relación, participación e avance educativo. Entón, xérame moitas dúbidas ese dato, polo cuantitativo e porque me falta moita información cualitativa e iso, que unha vez máis referendar o noso compromiso e apoio a unha educación pública e inclusiva, que respecte os dereitos de todos e todas e aprender na mesma escola.

Sr. Lema Suárez

Entendendo que a partir do que se expuxo neste debate, no que resta de mandato non se traerán acordos a este Pleno polo cal a Deputación da Coruña se vaia a manifestar ou asumir competencias que non son propias, entendendo que a partir do que se manifestou neste debate, iso non vai acontecer, estou seguro de que aproximadamente en menos dun mes acontecerá o contrario pero, efectivamente, entendo que o maior, o que pretendemos, o obxectivo, é que se aprobe esta moción en defensa dun ensino público de calidade e de atención á diversidade. Polo tanto, baixo esta premisa que comentei antes de que as persoas que nos pediron que retirásemos, en virtude da non competencia ou da competencia impropia da Deputación da Coruña para informar sobre o estado de atención á diversidade na educación primaria atendendo a ese principio, no futuro entendo que se comprometen os compañeiros do Partido Socialista e o Partido do BNG a non traer a este Pleno ningunha moción que vincule á Deputación da Coruña máis alá das súas competencias, que son as que son, entón, baixo ese principio que aquí se expuxo, que asegúrovos que tardará moi pouco tempo en perder efecto, compañeiros, en ben do interese xeral, estou seguro que a esta entidade interésalle sobre todo ese aspecto de denuncia e ese aspecto de manifestar a necesidade de atender mellor as necesidades de diversidade na atención primaria, retiramos entón este terceiro punto da moción para que así poida ser aprobada. Grazas.

Sra. Gallego Neira

Isto si que xa é de risa, non se pode emendar a moción durante o Pleno, pero o Sr. Lema acaba de chamar a todas as asociacións que presentaron esta moción para poñerse de acordo, xa lle dixeron todas que pode retirar o terceiro punto. Non entendo que o terceiro punto sexa asumir ningunha competencia impropia, porque polo que eu leo é que o Goberno provincial se poña en contacto con centros educativos da provincia para obter información para saber como están os centros educativos. Non a queren obter porque eu entendo que lle van dicir o mesmo que di o Ministerio, non o mesmo que di o PP, dío o Ministerio, a Comunidade Autónoma que ten a maior porcentaxe de alumnado con necesidades educativas especiais integrado, quere dicir, integrado, obviamente, entón, isto si que xa é de risa, e imaxinamos, como non!, que tampouco traerán nada que teña que ver coa Xunta, nada máis, soamente competencias municipais, iso é do que se vai tratar as mocións neste Pleno, de aquí ás eleccións autonómicas, estou case segura. Moitas grazas.

Sr. García Seoane

Ía explicar o meu voto. Alégrome que sacaras esa parte terceira, que é a discordante, e por tanto que se ten que aprobar, porque é certo que se están sufrindo nos colexios unhas situacións tremendas por pais que teñen nenos con problemas, eu estiven na Xunta e teño que dicir que me atenderon, pero parcialmente, denunciando casos destes. E tamén levamos ao noso Pleno a denuncia das asociacións de pais e nais que sofren os consecuencias dese abandono en moitos colexios da nosas Comunidade. Polo tanto, eu creo que isto é unha

competencia, indubidablemente dos que estamos aquí, pero non é unha competencia da Deputación de investir cartos na educación. Eu díxeno aquí no Pleno pasado e volvo repetilo, creo que cada pau, como di o outro, que aguante a súa vela. E xa digo, alégrome que sacaras isto porque é moi importante a moción, é moi importante aprobala.

Eu ía dicir que están as ANPAS, que no caso de Oleiros loitan arreo, están os sindicatos que teñen a obriga de traballar neste aspecto, os sindicatos de mestres, e os concellos, ante todo, por defender aos seus veciños. Pero, ben, alégrome que o retiraras, e simplemente ía explicar o meu voto e queda claro.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi brevemente, non sei se é que non me expliquei ben, ou non se quere entender o que dixen.

Nós podémonos manifestar sobre moitos asuntos que afecten ao conxunto da cidadanía aínda que non teñan competencia coa Deputación, pero o que di o acordo, Sra. Gallego, e tamén é casualidade que coincidan os dous no mesmo argumento, pero o que di o acordo é "O Pleno insta ao Goberno provincial e á área de Benestar Social e Educación a poñerse en contacto cos centros educativos da provincia...", polo tanto, hai que poñer a alguén a facer ese traballo, e mentres fai ese traballo deixa de facer o seu, que si é competencia desta Deputación "...sobre esta problemática, e reunirse coa Xunta de Galicia de cara a atopar unha solución". Nós o que podemos facer é instar á Xunta de Galicia a que se reúna cos actores implicados que serán, como ben dicía o portavoz de Alternativa dos Veciños, as ANPAS, os docentes dos centros, todos aqueles que interveñen, pero non a Deputación, iso é o que estamos a dicir.

Claro que seguiremos falando de moitas cuestións que non teñan que ver coas competencias directas desta Deputación, pero sempre e cando afecten aos veciños, pero iso é moi distinto a que a Deputación vaia tomar parte nelas, iso foi o que dixen e volvo repetilo. Pero que quede claro, claro, seguiremos falando da Xunta, evidentemente, e doutras moitas cuestións, pero iso non ten nada que ver con que nós vaíamos adoptar acordos que nos impliquen naquelas cuestións nas que nós non temos competencias, e penso que queda suficientemente claro, outra cousa é que non se queira entender, pero ata agora exprésome máis ou menos.

Vótase a moción, retirando o punto 3.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 14 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e o voto en contra do PP, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en defensa do ensino público de calidade e da atención á diversidade"

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O curso escolar comeza este ano afondando na precarización do ensino público. Así, a atención ás necesidades educativas especiais continúa a ser o ámbito da educación máis

golpeado polos recortes do goberno Feijóo, ao cargar coa maioría das prazas docentes eliminadas na nosa cidade: 3 de audición e linguaxe, 3 de pedagogía terapéutica e diversos apoios en infantil. Unha situación que afecta a varios centros de educación infantil e primaria da provincia da Coruña.

Debido a estes recortes, diversas asociacións de nais e pais decidiron tomar medidas e levan semanas demandando da Xunta de Galicia unha solución. Lamentablemente a resposta desta Administración foi articular "medidas correctoras" que non solventan a problemática, tal e como trasladan as distintas asociacións. Neste momento, a administración autonómica está a enviar profesorado en xornada reducida, cando en anos anteriores traballaba en réxime de xornada completa. É evidente que se trata dun parche, non de articular dereitos.

Este xeito de proceder afonda na conculcación do dereito constitucional a unha educación de calidade e en igualdade de condicións, e ataca un dos elementos básicos para a redución do fracaso escolar: o labor de orientación e atención ás necesidades especiais do alumnado máis desfavorecido.

Recentemente, varios expertos en dereitos humanos concluíron que no Estado español existe segregación e exclusión do estudantado con discapacidade, o que equivale a violacións moi graves do dereito á Educación. Este informe do Comité da ONU, sobre os dereitos das persoas con discapacidade, solicitaba unha serie de medidas, en consonancia co ODS número 4, que lamentablemente seguen sen cumprirse.

Neste informe tamén se fai mención a que as actuais políticas educativas están perpetuando un modelo médico da discapacidade. Segundo esta premisa, o "problema" atópase nas persoas, porque son elas as que teñen que loitar contra a súa discapacidade con tratamentos médicos. Mentres, a sociedade carece de responsabilidade á hora de combater a discriminación que padecen estas persoas.

O noso sistema educativo necesita incrementar a súa calidade, incorporar novos perfís profesionais que contribúan a atender a un alumnado cun perfil cada vez máis diverso e complexo, renovar os cadros de persoal promovendo a xubilación anticipada, e facer da formación un instrumento útil para garantir a adecuación do sistema e dos seus profesionais ás novas demandas.

Fronte aos recortes e ás políticas que apostaron por desprofesionalizar ao profesorado, apostamos por empoderar as profesionais da educación para, deste xeito, poder garantir o dereito a unha educación de calidade para todas e todos.

Polo exposto, o Grupo Provincial da Marea Atlántica propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- O Pleno da Deputación manifesta o seu firme apoio ao ensino público de calidade e á atención á diversidade nos centros educativos da cidade e rexeita os recortes no cadro de persoal de profesorado previsto para o curso 2019/2020 nos Centros de Educación Infantil e Primaria da provincia da Coruña.
- 2.- O Pleno insta á Consellería de Educación da Xunta de Galicia a garantir a calidade da escola pública nos centros situados na provincia da Coruña, revertendo os recortes realizados neste curso nos cadros de profesorado dos centros educativos da cidade para, deste xeito, evitar un dano irreparable tanto ao servizo público educativo como ao propio exercicio do dereito fundamental á educación do alumnado."

Moción do Grupo Provincial Popular con motivo do Día Internacional para a eliminación da violencia contra a muller

Sr. Presidente

Hai unha moción do Grupo Provincial Popular con motivo do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller, que en principio se retirará, entendo eu, porque foi presentada loxicamente antes da declaración institucional. Imos votar a retirada.

Apróbase por unanimidade a retirada da moción.

Sr. Presidente

Unha terceira moción, a segunda do Grupo Provincial Popular, en defensa das liberdades educativas consagradas na Constitución.

Moción do Grupo Provincial Popular en defensa das liberdades educativas consagradas na Constitución

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os pais son os primeiros responsables da educación dos seus fillos. Ese papel non poden ser substituído nin condicionado polo Estado, ao contrario, os pais deben ter a seguridade de que o Estado lles protexe e garante os seus dereitos.

A Constitución Española de 1978 situou o Art 27º," Todos teñen dereito á educación. Recoñécese a liberdade de ensino." no seu título Primeiro " Dos dereitos e deberes fundamentais". Non foi unha decisión casual, senón que respondeu á vontade dos constituíntes para que ambos os dereitos atopásense nun plano de igualdade e fundamental. Ao longo dos corenta anos de vixencia da Constitución, as diferentes reformas educativas defenderon con maior ou menor paixón ambos os dereitos, desenvolto e reafirmados tamén pola xurisprudencia do Tribunal Constitucional.

Con todo, o último proxecto de lei do partido socialista- a chamada LOMLOE- cuestiona o primeiro gran pacto educativo da Transición ao tentar limitar as liberdades educativas recoñecidas na Constitución.

As recentes manifestacións da ministra de educación, que a pesar da abundante normativa e xurisprudencia, entre elas a Declaración Universal dos Dereitos Humanos que no seu art 26º.3 establece que " os pais terán dereito preferente a escoller o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos" xeraron unha gran alarma social por canto cuestionan que os pais poidan elixir a educación dos seus fillos algo que se materializa cando as familias elixen un centro educativo e non outro.

Ignora tamén a ministra que o Art 27º.3 da Constitución Española establece con claridade que "Os poderes públicos garanten o dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións".

Por todo iso, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Provincial Popular insta o Pleno da Deputación da Coruña, a adoptar o seguinte acordo:

PROPOSTA DE ACORDO

1. Respetar e defender a Constitución Española e a xurisprudencia emanada do

Tribunal constitucional en relación ao Art 27º, que sitúan no mesmo plano de igualdade o dereito á educación e a liberdade de ensino, mediante un desenvolvemento harmónico de ambos os dereitos.

2. Garantir que os pais, como primeiros responsables da educación dos seus fillos, elixan o tipo de educación e o centro educativo onde escolarizar aos seus fillos.
3. Defender a rede de centros concertados como garantes da existencia dunha oferta plural complementaria á rede pública, tal e como manifestou o Tribunal Constitucional, e por tanto da liberdade de elección das familias, asegurando a igualdade de oportunidades das mesmas no exercicio deste dereito o que implica que ambas as redes, pública e privada-concertada terán que ter os recursos necesarios que aseguren este dereito.
4. Promover e apoiar a autonomía organizativa e pedagóxica dos centros, respectando o carácter propio dos mesmos, para desenvolver proxectos educativos de calidade que poidan responder as inquietudes e prioridades das familias co fin de que estas poidan elixir con total liberdade
5. Garantir a existencia e gratuidade dos centros de educación especial tanto na rede pública como privada-concertada como garantes da liberdade de elección das familias.
6. Respetar e cumprir o Art 27º3 da Constitución que obriga aos poderes públicos a garantir o dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións.
7. Abandonar calquera intento dirixido a suprimir a demanda social do Art 109.2 da LOMCE como factor determinante por parte das administracións á hora de ofertar as prazas educativas.
8. Dar traslado deste acordo ao Goberno de España para que, a través do cumprimento de todos os puntos desta proposta, defenda e garanta as liberdades educativas consagradas na Constitución Española.

Sr. Fernández Angueira

Moitas grazas, Sr. Presidente. Moi bos días a todos e a todas.

Preséntase esta moción porque entendemos que os pais son os primeiros responsables da educación dos seus fillos, ese papel non pode ser substituído nin condicionado polo Estado, ao contrario, os pais deben ter a seguridade de que o Estado os protexe e que garante os seus dereitos. A nosa Constitución, no artigo 27 di "Todos teñen dereito á educación. Recoñécese a liberdade de ensino." no seu título primeiro " Dos dereitos e deberes fundamentais". Non foi unha decisión casual, senón que respondeu á vontade dos constituíntes para que ambos os dereitos se atopasen nun plano de igualdade é fundamental.

Ao longo dos corenta anos de vixencia da Constitución, as diferentes reformas educativas defenderon con maior ou menor paixón ambos os dereitos, desenvoltos e reafirmados tamén pola xurisprudencia do Tribunal Constitucional.

Con todo, o último proxecto de lei do partido socialista- a chamada LOMLOE- cuestiona o primeiro gran pacto educativo da Transición ao tentar limitar as liberdades educativas recoñecidas na Constitución.

As recentes manifestacións da ministra de educación, que a pesar da abundante normativa e xurisprudencia, entre elas a Declaración Universal dos Dereitos Humanos que no seu art. 26º.3 establece que " os pais terán dereito preferente a escoller o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos" xeraron unha gran alarma social por canto cuestionan que os pais poidan elixir a educación dos seus fillos algo que se materializa cando as familias elixen un centro educativo e non outro. O certo é que tentou corrixilo, e ratificou posteriormente a capacidade actual dos pais a escoller o centro educativo.

Ignorou tamén a ministra que o artigo 27º.3 da Constitución Española establece con claridade que os poderes públicos deben garantir o dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións.

Por todo iso, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Provincial Popular insta o Pleno da Deputación da Coruña, a adoptar o seguinte acordo:

En primeiro lugar, respectar e defender a Constitución Española e a xurisprudencia emanada do Tribunal Constitucional en relación co artigo 27, que sitúan no mesmo plano de igualdade o dereito á educación e o dereito á liberdade de ensino, mediante un desenvolvemento harmónico de ambos os dereitos.

Garantir que os pais, como primeiros responsables da educación dos seus fillos, elixan o tipo de educación e o centro educativo onde escolarizan aos seus fillos.

Defender a rede de centros concertados como garantes da existencia dunha oferta plural complementaria á rede pública, tal e como foi manifestado polo Tribunal Constitucional, e por tanto da liberdade de elección das familias, asegurando a igualdade de oportunidades destas no exercicio do dereito o que implica que ambas as redes, pública e privada-concertada, que teñan ambas os recursos necesarios que aseguren este dereito.

Promover e apoiar a autonomía organizativa e pedagóxica dos centros, respectando o seu carácter propio, para desenvolver proxectos educativos de calidade que poidan responder ás inquietudes e prioridades das familias co fin de que estas poidan elixir con total liberdade

Garantir a existencia e gratuidade dos centros de educación especial tanto na rede pública como privada-concertada como garantes da liberdade de elección das familias.

Respectar e cumprir o artigo 27.3 da Constitución que obriga aos poderes públicos a garantir o dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións.

Abandonar calquera intento dirixido a suprimir a demanda social do artigo 109.2 da LOMCE como factor determinante por parte das administracións á hora de ofertar as prazas educativas.

E, por último, dar traslado deste acordo ao Goberno de España para que, a través do cumprimento de todos os puntos desta proposta, defenda e garanta as liberdades educativas consagradas na Constitución Española. Moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Entendo que é o argumentario do Grupo Provincial, simplemente cunha apelación ao ámbito de competencias case que se exime de debater sobre o contido desta moción. En todo

caso, por falar sobre a moción, esta invocación do Partido Popular á Constitución, a parte do contido da Constitución, eu creo que é unha mágoa que non a estendan a outros títulos e a outras seccións da Constitución, como aquelas que teñen que ver coa garantía do emprego digno, do acceso á vivenda, ou cunha fiscalidade progresiva, ao contrario, a verdade é que no último dos puntos, cando menos observamos que o Partido Popular repite todos os días a necesidade de baixarlle impostos a segundo quén.

En principio, iso, lamentar, por tanto, que este constitucionalismo non se estenda á totalidade dos títulos e do contido da Constitución que, a verdade é que ten outras partes que francamente a nós nos interesan máis ca esta, que entendemos que é un elemento derivado do momento en que se promulgou, ou que se aprobou a Constitución no que, efectivamente, a vinculación do Estado coa igrexa pensamos que aínda recollía unha tradición longa, non exactamente democrática, entendemos que no futuro sería conveniente afondar na separación entre igrexa e Estado.

Se unicamente se referise a esta cuestión, a da liberdade dos centros para incluír a formación relixiosa no seu currículo, tal e como di a Constitución, aínda ben, pero o certo é que, a partir do terceiro punto da moción do Partido Popular, xa se inclúen o que vén a ser unha apoloxía, ou unha defensa da rede de ensino que non é público, que é privada ou é concertada, e que desde logo non aparece en ningún artigo da Constitución e ademais contra a que estamos, por suposto, politicamente en contra.

Tamén me sorprende, o certo é ese principio ideolóxico do liberalismo da defensa da escolla individual, porque eu creo que se o extrapolamos do ámbito individual ao ámbito das liberdades colectivas, eu estou seguro que o Partido Popular xa tería problemas. Eu creo que son sonoros e coñecidas as vontades de intromisión no deseño do currículo educativo de certas Comunidades Autónomas en certas cuestións. Entón, unha vez máis, se defendemos certos capítulos da Constitución, defendamos tamén aqueloutros, que tal vez non estamos tan de acordo con eles, pero que non obstante, para nós teñen un contido político máis relevante, e tamén se estamos por este principio da liberdade, da liberdade dos centros para deseñar o seu currículo, pois caramba!, cando en ámbitos máis amplos, como son os das comunidades autónomas, vostedes non paran de interpoñer, denunciar e facer campaña en contra do contido curricular, pois é unha mágoa que este mesmo principio de liberdade de escolla non se aplique neste caso.

Entón, insisto, como nós estamos a favor da separación de igrexa e Estado, como ademais pensamos que esta moción se ampara neste título da Constitución, para intentar coar o que é unha defensa da educación pública e concertada, que entendemos que non debe de ser unha prioridade do Estado e das diferentes administracións, e como pensamos que finalmente aquí tamén se amparan certas prácticas coas que estamos completamente en contra, unha delas, por exemplo, a segregación do alumnado, en razón do seu xénero, que non deixa de chocar ou de ser ata certo punto contraditoria coa declaración institucional coa que se abriu este Pleno, pero ben, xa sería estirar demasiado o debate, supoño. Por todos os motivos expostos, o noso Grupo vota de xeito contrario a esta moción.

Sra. Muíño Filgueira

Na exposición de motivos falamos de dereitos e facemos unha defensa a morte do dereito dos pais para escoller aquel modelo ou tipo de educación que máis se alía cos valores familiares o que lles interesa para os seus fillos. Realmente estamos poñendo por riba un dereito individual ou familiar por riba do que serían os dereitos, un dereito colectivo que é o de ter acceso a unha educación digna, de calidade e dirixida a todo o alumnado.

Efectivamente, esta liberdade de escolla está garantida pola Constitución e, efectivamente, ningún pon en cuestión que calquera familia poida escoller onde quere que se

eduquen os seus fillos pero, desde logo, como hai que planificar, organizar e decidir, non ten por que ser cos cartos de todos, cos nosos impostos. O noso posicionamento é claro, nós apostamos por unha escola pública e podemos defender o modelo de concerto, sempre e cando, dende a rede de ensino público se faga precisa, tal e como foi no seu momento inicial, dar cobertura a prazas ás que non se pode chegar desde os centros públicos, pero en ningún momento podemos dar respaldo a que sexan criterios só duns poucos os que vaian decidir a oferta de prazas que se fai a nivel de educación.

En relación ao contido, evidentemente, en relación á cuestión de educación relixiosa ou de calquera..., nós expresamos o noso máximo respecto ás diferentes crenzas relixiosas, espirituais, pero tamén entendemos que se trata de cuestións máis propias do ámbito privado de cadaquén, e o noso posicionamento é claro na defensa dun ensino laico.

Resulta curioso, supoño que é un pouco na antesala da modificación da actual Lei vixente de educación LOMCE, que o que nos está a poñer nerviosos é un pouco a cuestión de financiamento a unha rede de centros concertados que, evidentemente, non son para todo o mundo, xa que non todas as familias están en disposición de escoller a que centro ir, segundo a distancia que hai ao domicilio, se teñen que costear o desprazamento, ou segundo que circunstancias, como por exemplo se observamos a porcentaxe de alumnado estranxeiro que acude a centros públicos en Galicia representa o 85,8%, e no ensino concertado limitámonos a un 12% e tamén son datos do Ministerio de Educación, que supoño que son tan válidos como os anteriores.

Nós non coincidimos na forma nin no fondo do espírito desta moción, defendemos un ensino público, de calidade, que garanta os dereitos de todo o alumnado, cos recursos necesarios, e efectivamente, un ensino laico. Por todo isto, o noso posicionamento vai ser en contra desta moción.

Sr. Fernández Piñeiro

Nós tamén adiantamos o noso voto en contra porque esta moción nace dunha controversia artificial, é dicir, en ningún momento periga o ensino concertado tal e como o entendemos, e nace dunha interpretación interesada, cun interese simplemente político, dunhas declaracións da ministra que o único que fixo foi reproducir un pouco, digamos a xurisprudencia, a doutrina fixada polo Tribunal Constitucional e máis de trinta sentenzas sobre este tema. Os concertos educativos están pensados para que no suposto de que non haxa, ou a demanda, perdón, de prazas sexa superior á oferta, se poida concertar con outros centros, e aí os pais si teñen dereito a elixir entre o centro público ou o concertado, pero se levamos ao extremo a aplicación da proposta que fan vostedes, imaxinemos que nun centro educativo público de calquera das nosas vilas hai 300 prazas, pero como os pais teñen dereito a elixir onde queren escolarizar aos seus fillos, imaxinemos que hai 600 solicitudes, pois entón hai que cumprir con ese dereito, que segundo vostedes teñen, que non é así, porque xa o di o Tribunal Constitucional, e habería que darlle máis prazas das que o centro poida asumir. Iso está pensado para que no suposto de que haxa un exceso, repito, de demanda, e a oferta non poida cubrila, entón si que poderá haber concertos. Pero o que dixo a ministra foi, de ningunha maneira pode dicirse que o dereito dos pais a escoller unha ensinanza relixiosa ou a elixir centro educativo, poderían ser parte da liberdade de ensinanza. Estes feitos, os de elixir centro, formarían parte dos dereitos que poden ter os pais, nais, nas condicións legais que se determinen, pero non é emanación estrita da liberdade recoñecida no artigo 27 da Constitución Española, disto dá conta a sentenza do Tribunal Constitucional de 1981, e a partir desa sentenza hai outras vinte e nove máis que van nesa mesma dirección.

Polo tanto, repito, é unha moción que non ten ningún sentido, porque está baseada en algo que non é verdade, e en algo que non se dixo, e nunha situación de suposto ataque ou perigo no ensino concertado, que non é verdade, polo tanto non podemos manifestarnos

loxicamente a favor desta. Moitas grazas.

Sr. Fernández Angueira

Polo referido por Marea Atlántica, dicía vostede que lle encantaría facer o debate sobre outros temas que lle parecen máis interesantes. O debate hoxe aquí da moción trátase dun debate de dereitos e de liberdades, non se trata dun debate máis que da educación e da liberdade. Cando vostede queira debater doutros temas, debateremos doutros temas, o PP non se vai agochar para debater ningún tema, senón imos debater con vostede, e imos debater con gusto.

A constancia dos colexios concertados, dicía Bernardo que está reflectido en moitas sentenzas, pero no preámbulo da Lei do 85, na LODE, inclúe o concerto con outros centros, é a Lei orgánica do dereito á educación.

Con respecto ao que nos dicía a portavoz do Bloque, estamos a falar de dereitos, dos dereitos encadrados entre o artigo 14 e o artigo 32, dereitos e liberdades fundamentais, non son dereitos individuais, como vostede refería, senón que se trata de dereitos nos que está interesada toda a sociedade, e o dereito, tanto á educación, como á liberdade, á elección dos pais de centro educativo, está así recollido. Agora, as interpretacións poden ser múltiples, non o entenda vostede como un privilexio, senón entenda realmente como unha liberdade, como defensores de liberdades.

Dicíanos o portavoz socialista que nace dunha preocupación, claro que nace dunha preocupación, nace dunha preocupación que, ademais, alimenta a ministra nas súas declaracións. Fala dunha sentenza do 81, pero o que se pretende é modificar un artigo 109 que o que vai é a recortar os dereitos e as liberdades dos pais. Se eliminamos o dereito das familias á hora da programación, o que estamos é ignorando o que pensan os pais nese momento, no momento de elixir centro educativo para os seus fillos.

Esa decisión de modificar o artigo 109 da LOMCE o que fai é cuestionar e limitar a elección das familias. A escola pública no noso país segue sendo maioritaria, representa máis dun 67%, pero non é a única que garante ese dereito á educación, existen outras opcións, outros modelos educativos, e eses modelos educativos deben de existir dentro da propio ensino público, pero tamén dentro do ensino concertado, e ese dereito á educación o garanten ambas redes.

Entón, como Grupo Popular, defendemos a primacía do conxunto do sistema educativo, no que ambas redes, tanto a escola pública como a concertada, sostida parcialmente con fondos públicos, se complementen, e iso tamén así foi sinalado polo Tribunal Constitucional.

Fálanos vostede de diferentes sentenzas, eu tamén podo nomearlle sentenzas da Comunidade Valenciana, 499/2018, a 210/2018, e Sevilla, 798/2015, do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, 323/2015, que non fan outra cousa que consagrar esa liberdade que está recollida no artigo 27 da Constitución. Moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

A sentenza do Tribunal Constitucional, que é o que interpreta a Constitución, non é o Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía, nin de Valencia, nin moito menos, do 13 de febreiro de 1981, no recurso de inconstitucionalidade contra a Lei orgánica de estatuto e centros escolares, no fundamento xurídico 7 circunscribese o dereito de crear centros educativos ao dereito de ensinar con liberdade e ao dereito a elixir a formación relixiosa e moral que desexan para os seus fillos, en ningún momento o Tribunal Constitucional indica que forme parte da

liberdade educativa o dereito a elixir ese centro. É máis, no fundamento xurídico 8 o propio Tribunal establece que o dereito dos pais a decidir a formación relixiosa e moral dos seus fillos, que os seus fillos han de recibir, consagrado polo artigo 27.3 da Constitución, é distinto do dereito a elixir centro docente, e isto dío o propio Tribunal Constitucional, que é o que nese caso ten fundamentada xa esa doutrina.

Voulles poñer un exemplo, que lles parecería se mañá traemos unha moción aquí para que os veciños dunha vila poidan solicitar que en lugar de ir a un centro sanitario público queiran ir a un privado, e que a Xunta estea obrigada a pagarlles en calquera dos centros privados de sanidade que hai nesta cidade, seguramente vostedes dirían que iso non pode ser, e eu diría, pero eu teño liberdade, non, é igual de absurdo, e a lei aí é moi clara, outra cousa é que vostedes o que pretendan é favorecer o ensino privado fronte ao público, que é unha cuestión moi distinta que nada ten que ver con este debate, pero do que estamos a falar aquí é do que di a lei, e a interpretación da lei, que a fai o órgano que ten a competencia para facelo, que é o Tribunal Constitucional, di o que di, e que esa liberdade de elixir un centro só é nunhas circunstancias concretas, non en calquera circunstancia, porque senón imaxinen vostedes o que suporía iso na maioría das vilas deste país, con que se xunten 20, 30 pais e queiran concertada, hai que facela así, non ten ningún sentido, a menos que se pretenda favorecer a ensinanza concertada, ou a ensinanza privada, que é algo moi distinto do que se está a dicir nesta moción. Moitas grazas.

Sr. Fernández Angueira

Imos ver, a ensinanza concertada, como lle dicía antes, foi incluída no ano 1985 na LODE, e esta é unha Lei orgánica do dereito á educación, que foi incorporada polo PSOE. As ensinanzas que nos pretenden dar desde o Partido Socialista cando nos falan do Tribunal Constitucional, efectivamente, afirmou textualmente a ministra que de ningunha maneira se pode dicir que o dereito dos pais a escoller unha ensinanza relixiosa ou a elixir centro educativo, poderían ser parte da liberdade de ensinanza que emana do artigo 27 da Constitución española.

Os dereitos dos pais, a ministra demostrou en moitas ocasións que o que se está facendo é cuestionar a liberdade de ensinanza, equivócase, afirma que a elección das familias non é un dereito, nin se enmarca na Constitución, e eu creo que iso está máis que recollido, non só por todas as interpretacións, desde o artigo 14 ata o artigo 32 da Constitución española, senón polo Tribunal Constitucional.

Tamén se pretende eliminar a demanda social como factor a valorar na programación dos postos escolares, é dicir, que segundo o Partido Socialista, non se van ter en conta as eleccións dos cidadáns na educación para fixar onde deben estar esas prazas. Por outra parte, dicir que a Administración ten que garantir o dereito á educación, o acceso universal ao ensino, que é certo, pero só cos seus centros, iso non o é, non existe desta maneira unha debida educación pública. O que non se pode é falsear a historia, dicir que a concertada naceu para a escolarización, onde a pública non chegaba, simplemente basta lerse o preámbulo da LODE, como volvo repetir, do Partido Socialista, para ver que a súa orixe está no exercicio da liberdade de ensino, da elección do tipo e modelo da educación, distinto á dos centros de titularidade de administración pública, e non no dereito á educación. Non recuperemos esa idea errónea de que a concertada é subsidiaria da pública nin complementaria, existe abundante, como refire vostede, xurisprudencia do Tribunal Supremo.

Fronte a esta postura, vostede refire ao Constitucional, fronte a esta postura desde o PP discrepamos completamente, porque consideramos que é un dereito que deriva da liberdade de ensino, non é certo que a rede concertada poida ou non poida, como sinalou a ministra na súa primeira comparecencia, porque senón o Goberno ignoraría esa liberdade de ensino. Hai que recordar que cando o PSOE recorreu ante o Tribunal Constitucional

determinados artigos da LOMCE non recorreron o artigo 109 porque saben que a programación no ensino dá as costas ás familias, sen considerar as súas demandas, e vulnera este principio constitucional fundamental. Só dicirlle que desde o PP non imos deixar de buscar un acordo en materia educativa, pero un acordo que se fundamente no pacto constitucional, nunha reforma do artigo 109.2, excluindo ás familias e á súa decisión respecto á liberdade, como mínimo cuestiona ese pacto constitucional en materia educativa. Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (PP)

Votan en contra: 16 deputados (10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: ningún deputado

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Ben Otero

Moi brevemente, grazas, presidente, vou ser moi breve, porque non quero alterarlle a axenda de todo o mundo.

En nome do Grupo Provincial Popular fágolle o seguinte rogo: é de vital importancia manter en boas condicións os viarios que transcorren por todos os municipios, sexan da titularidade que sexan, para iso non só é preciso o reasfaltado das estradas, senón tamén un correcto mantemento das cunetas. As dúas arterias fundamentais do Concello de Oroso son, por unha banda, a nacional 550, de titularidade do Ministerio de Fomento, e por tanto o Goberno de España na anterior lexislatura, con independencia da cor política de quen gobernase no Concello de Oroso, de forma individual o Grupo Popular e despois de forma conxunta, pediuse unha mellora destas, e por outra banda a DP 3801, é outra arteria principal deste concello que une o núcleo urbano de Sigüeiro, con 8 da 11 parroquias que conforman o Concello de Oroso, A Gándara, Porto Avieira, Vilarromarís, Senra, Cardama, Os Ánxeles, Calvente, Pasarelos e Marzoa que utilizan esta vía de titularidade provincial para chegar ás súas vivendas. No tramo que transcorre polo Concello de Oroso, é unha vía de alta densidade de tráfico e cun trazado con bastantes curvas, como ben saben. Consideramos que ten dous puntos nos que urxe realizar unha actuación:

1. A Ponte Arderiz que une as parroquias de Senra e Os Ánxeles. Esta, non ten un ancho suficiente para que circulen dous vehículos ao mesmo tempo. Consideramos desde o Grupo Provincial Popular que este feito debe ser emendado o máis axiña posible, procedendo a ampliar a ponte e eliminar a incomodidade e o perigo que supón para os condutores.
2. É no puntos quilométricos 11 e 12 onde existe un punto negro, no que son múltiples as saídas de vías que se producen desde hai anos, polo que consideramos preciso buscarlle tamén unha solución a este punto negro por unha razón de pura e exclusiva seguridade viaria.

Por iso, desde o Grupo Provincial Popular e no seu nome este deputado realízalle o seguinte rogo:

- 1.- Que se lle encomende ao responsable de Vías e Obras, a elaboración dun proxecto na súa calidade de titular da estrada DP-3801, para a ampliación da Ponte Arderiz (km. 10-11).
- 2.- Que lle encomende ao responsable de Vías e Obras, a elaboración dun proxecto na súa

calidade de titular da estrada DP-3801, para a procura dunha solución para o punto negro situado entre os quilómetros 11 e 12.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Fernández Anqueira

Unha pregunta referente ás obras de ampliación da estrada da Deputación provincial, de 7402, de Martelo a Augasantas.

Con data do 22 de marzo deste ano na páxina web da Deputación da Coruña, en sección "Novas", publicouse a seguinte noticia: "A Deputación investirá 1,2 millóns de euros nas obras de ampliación do DP 7402 de Martelo a Augasantas, en Rois".

O proxecto vén de ser aprobado na comisión de Vías e Obras e será referendado polo pleno do 29 de marzo.

A Deputación destaca o "carácter estratéxico" do proxecto para vertebrar as comunicacións no suroeste da provincia da Coruña.

O Goberno provincial presidido por Valentín González Formoso investirá 1.233.924 euros nas obras, dos que 1.150.071 € destinaranse ao financiamento dos traballos e 82.852,66 ás expropiacións de 31.000 metros cadrados de terreos necesarios para a súa execución.

As obras consistirán na ampliación do viario nos 2,5 quilómetros, que discorren entre os PK 0 000 e 2 543, dotándoo dunha calzada de 7 metros de ancho con beiravías laterais de medio metro en cada unha das marxes. Ademais executaranse melloras puntuais no trazado, como a rectificación dalgunhas curvas, que xunto co maior ancho da plataforma contribuirán a incrementar a seguridade da circulación.

Vostede, destacou o "carácter estratéxico deste proxecto", porque contribuirá a vertebrar as comunicacións no suroeste da provincia da Coruña, concretamente das comarcas de Noia e Padrón, xa que a estrada 7402 serve de conexión da estrada autonómica AC-301 (Padrón- Augasantas), coa AC-543 (Santiago-Noia) e tamén a futura autovía de Noia, o que na práctica supón conectar estas comarcas da forma máis curta, áxil, segura e efectiva a través deste conxunto de estradas. Debido á estreiteza e o mal estado do firme da estrada actual, moitos vehículos utilizan actualmente itinerarios alternativos para facer este traxecto, como a estrada dos Ánxeles (AC-300), que supoñen un rodeo de ata 30 quilómetros. Ademais, a ampliación da plataforma do viario permitirá o seu uso por parte do tráfico pesado, xa que os camións evitan actualmente circular por esta estrada posto que nos tramos máis estreitos apenas permite o cruzamento de dous camións actualmente. As obras incluírán a construción dun novo sistema de drenaxe transversal da calzada, a instalación de tubaxes de pluviais cun diámetro mínimo de 30 cm que deberán garantir a estanquidade, a canalización eléctrica para o alumado público e a renovación da sinalización horizontal e vertical.

O proxecto foi aprobado por unanimidade no Pleno do 29 de marzo de 2019, e insisto, destacou o carácter estratéxico deste proxecto.

Neste momento, o pésimo estado no que se atopa a citada estrada e como titular desta esta Deputación, o noso Grupo considera que urxe a aplicación de medidas de urxencia para incrementar a seguridade da circulación xa que a calzada leva anos nunhas deplorables condicións, incrementadas en época invernal coa caída de choiva.

Tendo en conta o anterior, e xa transcorridos 8 meses desde o citado acordo plenario, en nome do Grupo Popular provincial fágolle a seguinte pregunta:

Cando ten pensado a Deputación da Coruña, prazos e momentos, iniciar as obras de ampliación da estrada referida 7402 de Martelo a Aguasantas, en Rois? Moitas grazas.

Sr. Presidente

Grazas a ti. Esa obra, efectivamente que é unha obra estratéxica no sueste da provincia, conecta varias localidades a través dunha vía que ten un tráfico importante, unha demanda histórica, que vén de hai moitas corporacións provinciais, pero por unanimidade desta Corporación decidiu acometer un investimento importante de máis dun millón de euros, concretamente un millón trescentos mil euros, que vai ampliar esta plataforma viaria, pero que en calquera caso, como ben sabes, a tramitación administrativa, e como sempre nos recorda a portavoz do Partido Popular, con razón, debe ser moi escrupulosa, evidentemente, e polo tanto, a media de tramitación dunha licitación cunha expropiación previa, sempre que non haxa cesión ou posta a disposición por parte dos concellos afectados, que neste caso son varios, a media está en 432 días, co cal o que espera desespera, pero o importante creo aquí é que se decidiu por parte da Corporación acometer unha obra, unha infraestrutura viaria moi importante, polo tanto, dentro da axilidade que queremos aplicar a este expediente, como ao resto, que son estratéxicos, en calquera caso hai que ser escrupuloso ao respecto. Polo tanto, esperemos que sexa no período máis breve posible, pero terémolo debidamente informado ao respecto.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 13:38 horas.